



DEPUTACIÓN DE
LUGO

ORZAMENTOS
2019



Orzamentos 2019 – Índice

1. Proposta.	5
2. Memoria.	11
3. Estado de Ingresos.	21
4. Estado de Gastos.	27
5. Bases de Execución do Orzamento.	103
6. Relación de subvencións nominativas.	185
7. Liquidacións Orzamentos.	191
8. Anexo Persoal.	197
9. Anexo de Investimentos.	221
10. Anexo de Beneficios Fiscais en Tributos Locais.	225
11. Anexo de Información sobre convenios subscritos coa CCAA.	229
12. Plan Financeiro.	233
13. Informe Económico–Financeiro.	237
14. Sociedade Urbanística Provincial. Estados de previsións e programa anual de actuacións.	245
15. Estado de consolidación.	267
16. Estado de previsión de movementos e situación da débeda.	271
17. Plan orzamentario a medio prazo 2019–2021.	275
18. Informe da Interventora.	293
19. Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.	301
20. Informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.	313



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2019

1. Proposta

PROPOSTA DO PRESIDENTE

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O 2019

1. O proxecto de Orzamento Xeral integrado polo da propia entidade e o de SUPLUSA ascende a:

- A propia entidade:	84.419.745,54 €
- SUPLUSA:	3.249.395,27 €
- Orzamento xeral consolidado:	85.122.056,48 €

Aumenta en 4.344.675,07 € respecto ao de 2018, o que representa o 5,38%.

O ámbito subxectivo ó efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), tendo en conta a extinción prevista da Fundación TIC con data 31 de decembro de 2018, subrogando a Deputación a prestación dos servizos e actividades da mesma, é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, co seguinte detalle:

- A propia entidade:	84.419.745,54 €
- SUPLUSA:	3.249.395,27 €
- Consorcio Provincial de extinción de incendios:	5.799.700,20 €
- Consolidación dos 4 entes (LOE)	88.467.006,58 €

Aumenta en 4.763.849,85 € respecto ao de 2018, o que representa o 5,69%.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	Consorcio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
I N G R E S O S					
Op. non financeiras (1-7)	84.119.745,54 €	3.249.395,27 €	5.799.700,20 €	5.001.834,43 €	88.167.006,58 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.671.750,49 €	- €	- €	- €	5.671.750,49 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	4.894.400,07 €	- €	- €	- €	4.894.400,07 €
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	3.832.421,34 €	- €	890.100,00 €	- €	4.722.521,34 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	69.571.917,99 €	2.256.529,87 €	4.909.500,20 €	4.711.279,97 €	72.026.668,09 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	82.657,00 €	9.487,60 €	100,00 €	- €	92.244,60 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	- €	692.823,34 €	- €	- €	692.823,34 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	66.598,65 €	290.554,46 €	- €	290.554,46 €	66.598,65 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €	- €	- €	- €	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €	- €	- €	- €	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €	- €	- €	- €	- €
TOTAL	84.419.745,54 €	3.249.395,27 €	5.799.700,20 €	5.001.834,43 €	88.467.006,58 €

G A S T O S					
Op. non financeiras (1-7)	83.925.511,98 €	3.249.395,27 €	5.799.700,20 €	5.001.834,43 €	87.972.773,02 €
1. GASTOS DE PERSOAL	26.121.608,39 €	1.094.008,48 €	76.960,37 €		27.292.577,24 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	20.410.436,50 €	563.424,16 €	5.720.523,42 €		26.694.384,08 €
3. GASTOS FINANCEIROS	71.100,00 €	- €	100,00 €		71.200,00 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	17.696.291,61 €	- €	- €	4.711.279,97 €	12.985.011,64 €
5. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	837.505,77 €	22.063,34 €	2.116,41 €		861.685,52 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	10.657.548,70 €	1.569.899,29 €	- €		12.227.447,99 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.131.021,01 €	- €	- €	290.554,46 €	7.840.466,55 €
Op. financeiras (8-9)	494.233,56 €	- €	- €	- €	494.233,56 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23 €		- €		380.769,23 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	113.464,33 €	- €	- €		113.464,33 €
TOTAL	84.419.745,54 €	3.249.395,27 €	5.799.700,20 €	5.001.834,43 €	88.467.006,58 €

Cúmrese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. O límite de gasto non financeiro ascende a 89.272.105,54 €, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2019-2021).
 - Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
 - Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa SUPLUSA.
 - O Estado de consolidación dos Orzamentos que integran o Xeral.
 - O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
 - Como documentación complementaria achégase a previsión do Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
 - Informe de avaliación de estabilidade, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.
2. O Orzamento da propia Entidade en 2018 estaba cifrado en 79.041.692,15 €, o presente aumenta en 5.378.053,39 €, o equivalente ó 6,80 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS

Op. non financeiras (1-7)	84.119.745,54 €
Oper. Corr. (1-5)	84.053.146,89 €
Oper. Cap. (6 -7)	66.598,65 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €
TOTAL INGRESOS	84.419.745,54 €

GASTOS

Op. non financeiras (1-7)	83.925.511,98 €
Oper. Corr. (1-5)	65.136.942,27 €
Oper. Cap. (6 -7)	18.788.569,71 €
Op. financeiras (8-9)	494.233,56 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	113.464,33 €
TOTAL GASTOS	84.419.745,54 €

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 18.788.569,71 € , diminúe en 254.857,55€ respecto ó 2018, equivalente ó 22,26% do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	66.598,65 €
-Alleamento de investimentos reais	0,00 €
-Recursos ordinarios:	18.721.971,06 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

O Capítulo 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ó longo do exercicio.

Ó Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2017, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2018 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2018 referida ó 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro

3. Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación a SUPLUSA e demais entes dependentes en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, e a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, **proponse ó Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:**

- 1º. Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2019 que ascende a 85.122.056,48 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, integrado polo da propia Entidade que ascende a 84.419745,54 €, e as previsións de ingresos e gastos da empresa SUPLUSA, que ascende a 3.249.395,27 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.
- 2º. Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ó efecto polo Servizo de Persoal.
- 3º. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.
- 4º. Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2019 ascendente a 89.272.105,54 €, e a masa salarial consolidada do persoal laboral que ascende a 4.675.599,13 €.
- 5º. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2019–2021).
- 6º. Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2019.
- 7º. Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no B.O.P., todo iso ós efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, a 19 de novembro de 2018,

O Presidente,

Darío Campos Conde



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2019

2. Memoria

MEMORIA

ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2019

O Orzamento da propia Deputación de Lugo para 2019 é de 84.419.745,54 €, aumenta 6,80 % respecto ó do ano anterior, é dicir, 5.378.053,39 €.

O Orzamento Xeral 2019 ascende a 85.122.056,48 € e abarca o da propia Deputación de 84.419.745,54 € e o de SUPLUSA de 3.249.395,27 €, aumentando un 5,38 % respecto ó do ano anterior, é dicir, 4.344.675,07 €.

O Orzamento consolidado da Deputación e os seus entes dependentes (SUPLUSA, e Consorcio de Bombeiros) ascende a 88.467.006,58 €, aumentando respecto o ano 2018 en 4.763.849,85 €, un 5,69 %. O Pleno da Deputación en sesión do 31 de xullo de 2018, acordo a subrogación da Fundación TIC con efectos de 1 de xaneiro, polo que os créditos para as actividades da Fundación quedan integrados no orzamento da propia Deputación. Cumpren co obxectivo de estabilidade, estimase cumprir coa regra de gasto e límite de gasto non financeiro, e a débeda financeira situase no 19,06 % a 1 de xaneiro de 2019.

O aumento é consecuencia fundamentalmente das entregas a conta e liquidación definitiva na Participación nos Ingresos do Estado previstos para 2019, así como da implantación da prestación dos servizos nos centros de atención a maiores e centros de día, segundo convenios de colaboración interadministrativos da Deputación cos Concellos, por prazos de catro anos. Mantéñense as achegas e investimentos ós Concellos co Plan Único que se prevé executar ó longo do exercicio tanto coas dotacións iniciais do presente orzamento, como coas modificacións financiadas con remanentes de tesourería, estimando que estas non serán inferiores.

O Plan Único de Cooperación cos 67 Concellos da provincia do 2017 que iniciamos con 10 millóns de euros, tivo un resultado positivo superando os 21 millóns de euros, no orzamento 2018 o Plan Único iniciase con achega da Deputación de 11.228.382,85 €, modificada con financiamento de remanentes de tesourería ata acadar os 21.007.001,84 € e totalizando un Plan Único de 24.210.083,21 €. Este ano tratamos de non reducir mesmo aumentar o financiamento, mantense a súa finalidade, é dicir, vai destinado a obras e prestación de servizos de competencia municipal e provincial, pretende mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns e responde ás prioridades nas políticas de fomento do emprego, as políticas sociais e as infraestruturas.

Suprime en xeral, as liñas de subvención ós Concellos ó quedar englobadas no dito Plan Único que se vai distribuír cuantitativamente con criterios obxectivos e cuxo destino concreto virá determinado pola decisión dos propios Concellos reafirmando a súa autonomía municipal, unha vez respectados os límites mínimos dos importes concedidos no 2016 para o

SAF, POS, e programa Depuemprego.

O Plan Único, ata agora distribuído polos distintos programas orzamentarios, englobase neste orzamento nun único programa, é o 9420 denominado “Plan Único”, con dotacións no capítulo 4 e 7, e viñan distribuídos nos seguintes programas orzamentarios:

Igualdade.

Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social. Fomento de Emprego.

Centro de Artesanía e Deseño Promoción Cultural.

Promoción e fomento do deporte.

Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca. Información e promoción turística.

Plan de obras e servizos.

Outras infraestruturas de interese veciñal Transferencias a outras Entidades Locais.

Os créditos iniciais para este Plan Único 2019 son de 11 millóns e serán ampliados mediante modificacións orzamentarias financiadas alomenos co 70 % do remanente de tesourería para gastos xerais de libre disposición, podendo aumentar as mesmas o longo do exercicio segundo as posibilidades de financiamento.

Os criterios obxectivos de reparto serán aprobados polo Pleno e terán en conta os aplicados no ano 2018.

Unha vez proposto o destino concreto polos Concellos da Provincia, o Pleno da Deputación, igual que no ano 2018, debe aprobalos cas modificacións orzamentarias correspondentes.

Deste xeito, a Deputación de Lugo potencia a autonomía dos Concellos e aporta un maior financiamento para cooperar cos mesmos, mantendo as prioridades que xa ven tendo nos últimos anos de creación de emprego e actividade económica, mellora nas infraestruturas, e mellora nas políticas sociais que tamén son a principal inquietude dos lucenses.

A prioridade número 1.

A Deputación de Lugo mantén a política dirixida a reactivar o mercado laboral, continuando coas liñas de inserción laboral que na actualidade están en marcha ou se están implantando, a través das programacións de xeración directa de emprego que seguen vixentes como son as edicións do Ben Empregado, DepuEmprego, Tecendo Emprego, Primeira Oportunidade e Emprendendo no rural, cunhas dotacións a incorporar en 2019 de mais de 4,4 millóns de € e 5,4 millóns no Orzamento 2019.

Outras das actuacións dirixidas á reactivación da económica e do emprego na provincia de Lugo, centralizadas no pulo ó sector gandeiro, son o Centro de Recría xa posto en marcha e a construción da Granxa Experimental do Campus Terra. Este proxecto conta cunha achega da Deputación a incorporar de mais de 590.000,00 euros, destinando a maiores 140.000 euros no Orzamento de 2019. Asi mesmo, aumentan as dotacións destinadas a transferencias co-

rrentes para outras actividades en agricultura, gandería e pesca en 200.000,00 euros, co obxectivo de mellorar a raza rubia galega.

A Prioridade número 2, atendendo precisamente ás peticións dos cidadáns, é reforzar os investimentos en Infraestruturas e Cooperación cos Concellos.

A execución material do Plan extraordinario de rehabilitación do firme das estradas provinciais 2017-2019, cun orzamento de 15 millóns de euros que se están a materializar na súa totalidade, estando pendente mais da metade, e ós que se engade as previsións do presente orzamento de máis de 8,2 millóns.

Inclúense fondos por 17,6 millóns de euros para infraestruturas a través dos seguintes plans:

Plan Único de Cooperación cos Concellos en 4,2 millóns de euros, antigo Plan de obras e servizos, sen colaboración inicialmente dos concellos e sen achega do Goberno central. Este orzamento como o de 2018, asume de orixe o 1,2 millóns de euros que en anos anteriores financiaban os propios concellos.

Plan Único de Cooperación cos Concellos, con 1,3 millóns de euros para dotación e mellora de obras e servizos no rural, antigo Plan de outras infraestruturas.

Convenios plurianuais a favor dos concellos en materia urbanística, pavimentación de vías públicas, redes de sumidoiros por 0.25 millóns de euros, e 141.583,70 euros en infraestruturas de natureza medioambiental.

Plan de conservación da rede provincial con 8,2 millóns de euros e o persoal dedicado o mesmo con 2,7 millóns de euros, e a dotación do parque móbil en estradas con mais de 801 mil euros.

Inclúense fondos para potenciar o turismo e rehabilitar infraestruturas tales como o proxecto de Tirolina na Ribeira Sacra e Miradoiro de Mondoñedo con 600.000,00 euros e para a Casca de Incio dotada con 200.000,00 euros.

A Prioridade número 3, as Políticas sociais, é a outra das preocupacións dos veciños de Lugo e desta Deputación.

O Orzamento 2019 mantén a dotación do Servizo de Axuda no Fogar en 1.200.000,00 €, incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos ca previsión de dotar en 1.500.000,00 € con remanentes de tesourería para igualar como mínimo a achega do ano 2016, ó igual que no orzamento 2018, e mais se garante a teleasistencia domiciliaria sen achega polos concellos. Dótase con 10 millóns de euros a Área de Benestar, Igualdade e Mocidade, 4 millóns mais que o ano 2018, destinando 4.308.743,83 € para construción de centros de atención a maiores, aumentando en 1.383.743,83 euros respecto o ano 2018.

A apertura de residencias e centros de día públicos para a terceira idade, dedicando 4.321.407,66 € para a implantación da prestación de servizos de centros de atención a maiores (residencias e centros de día) con convenio de cooperación interadministrativo entre a Deputación e os respectivos Concellos, respectando o réxime xurídico, a forma de xestión e a entidade elixida polos concellos para facelo, dentro do marco legal.

Para a construción de centros de atención a maiores (residencial e centro de día), 4.008.743,83€ de achegas na anualidade (2019) para a construción de centro de día e residencial comarcal de Becerreá, centros de atención a maiores e centros de día para Folgoso do Courel, centro de atención a maiores de Portomarín, Guitiriz, Pantón, A Pobra de Brollón, A Pontenova e Cervantes.

En materia de educación pública, a Deputación destina 1,6 millóns de euros para a prestación das actividades e servizos que viña realizando a Fundación TIC, 48.000,00 € a Centros Docentes de Ensinanza Secundaria, mantén a colaboración có Campus universitario de Lugo colaborando ca USC con mais de 407.000,00 €, e colabora coa Fundación Rof-Codina e a facultade de Relacións Laborais en máis de 210.000,00 €. Ademais estase colaborando coa UNED, xa inaugurado o novo centro, tamén achegase máis de 312.000,00 €.

A Deputación de Lugo destina ó Deporte 4,15 millóns de euros, inclúe 140.000,00 € para a construción do Rocódromo, e 5,4 millóns en Cultura e Museos; ó Centro de Artesanía cunha dotación de 1,27 millóns de euros.

Con estes orzamentos 2019, cúmprese cos lucenses destinando 48,6 millóns de euros, que representan o 54,94 % do total do orzamento, ás tres áreas de actuación prioritarias desta provincia: emprego, infraestruturas e políticas sociais, sen esquecer o Plan extraordinario das vías provinciais de 15 millóns de euros.

Por outra banda, mantense a consolidación e solvencia económica e financeira da institución, con endebedamento reducido o dito crédito de 15 millóns de euros, e con orzamentos estables e saneados, se prevé pechar o orzamento 2018 cumprindo co obxectivo de estabilidade e sustentabilidade financeira, e estimamos cumprir coa regra de gasto.

O Orzamento da propia Deputación de Lugo para 2019, é de 84.419.745,54 €, aumenta 6,80 % respecto ó do ano anterior, é dicir, 5.378.053,39 €.

As variacións económicas en termos comparativos co ano 2018 máis significativas son:

En materia de ingresos, a participación nos tributos do estado, a liquidación definitiva do ano 2017 e as compensacións das devolucións das liquidacións definitivas dos anos 2008 e 2009 aumenta en 2.960.338,75 €.

O recargo provincial do IAE aumenta en 284.397,61 €. Os derivados de taxas, prezos públicos e outros ingresos aumentan en 1.765.796,72 €, fundamentalmente polo prezo público por prestación de servizos en centros de atención a maiores e centros de día de 1.722.177,92

€, e mantense a achega de loterías e apostas do Estado en 175.000,00 €.

As transferencias correntes inclúen a achega dos concellos na prestación de servizos en centros de atención a maiores e centros de día por importe de 542.058,81 €.

Non se inclúe previsión de operación de crédito para investimentos.

En gastos as variacións económicas máis significativas son:

No capítulo de gastos de persoal a variación é un aumento de 1.305.974,92 €, representa o 30,94% do orzamento da Deputación.

Engloba as retribucións do persoal da Fundación TIC que se integra por subrogación da Deputación, ascenden a 1.106.997,38 €, seguridade social inclusive. Inclúe as retribucións integras do persoal funcionario e a masa salarial do persoal laboral ó servizo desta Deputación aprobadas polo Pleno do 29 de maio de 2018, segundo as contías establecidas na Lei de orzamentos do Estado para 2018, artigo 18, en termos de homoxeneidade polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo. Aplicase integramente a RPT en 2019, con cargo as economías que se producen pola modificación nos niveis dos postos de traballo que quedaron vacantes por ceses e os mesmos postos con niveis de base que son inferiores por 125.198,92 €, e diminuíndo no concepto de produtividade a cantidade restante de 23.281,16 € para completar a aplicación da dita RPT. Recolle a amortización de 13 prazas e a creación doutras 13, incluíndo os custos da promoción interna de 7 prazas. As modificacións previstas tanto no cadro de persoal como na RPT, foron obxecto de negociación o 16 de novembro de 2018 cos representantes do persoal e aprobaron por unanimidade. Inclúe as retribucións e asistencias dos órganos de goberno nas contías do ano 2018 e do persoal eventual; os créditos para cubrir a antigüidade, a seguridade social e mantense sen aumento o importe de gastos do Fondo Social.

Prevese no fondo de continxencia no capítulo 5 unha dotación do 2,75 % das retribucións e seguridade social para a adecuación ó disposto na Lei de orzamentos do Estado para 2019.

Capítulo II, a variación é un aumento de 7.085.598,32 €, representa o 24,18 % do orzamento da Deputación.

As variacións prodúcense: Pola subrogación da actividade da Fundación TIC a partir do 1 de xaneiro, destinando 363.668,03 €; Implantación da prestación dos servizos en Centros de Atención a Maiores e Centros de Día, destinando 3.420.935,20 €; Conservación das vías provinciais previsto no 2018 no capítulo 6 trasládase o capítulo 2, por considerarse na súa maioría non inventariables, por importe de 2.966.493,99 €; Aumento no gasto no servizo de correos en 150.000,00 €, debido o incremento no servizo de recadación cos concellos, e aumentos no custo dos traballos de limpeza e seguridade en 160.036,49 € e 65.809,56 € respectivamente. Polo tanto, a parte das variacións expostas, mantense a contención do gasto corrente.

Capítulo III “Gastos financeiros” aumenta en 25.600,00 € a consecuencia do inicio de disposicións da nova operación de crédito, representa o 0,08 % do orzamento da Deputación.

Capítulo IV, a variación é unha diminución de 3.321.768,07 €, representa o 20,96 % do orzamento da Deputación.

Elimínase a achega ordinaria á Fundación TIC de 1.647.090,53 € pola súa extinción; aumenta a achega ó Consorcio de Bombeiros en 53.705,78 €; aumenta en 22.000,00 € a achega da Deputación dos GES; diminúe a achega a SUPLUSA en 145.833,35 € no relativo a Parques e xardíns, ó rematar en maio unha encomenda de xardíns; aumenta en 67.600,00 € en Protección e Mellora do Medio Ambiente; en Fomento de Emprego diminúe en 1.887.390,49 € a partida dedicada a Plans de emprego ó destinar os recursos ós centros de atención a maiores e centros de día; aumenta en 67.500,00 € Ensinanzas Universitarias e en 200.000,00 € o programa de Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca, para mellora da raza rubia galega; na Área de Cultura e Mocidade, Deportes e Turismo mantéñense, e noutros programas as variacións son de escasa contía.

O Plan Único, ata agora distribuído polos distintos programas orzamentarios, englobase neste orzamento no programa 9420 denominado “Plan Único”, con dotacións no capítulo 4 e 7, o importe non varía respecto ó ano anterior en termos económicos, se ben ha de terse en conta nas comparativas por programas onde da lugar a variacións.

Tramítanse como subvencións directas, ó abeiro da lexislación en materia de subvencións, antes de rematar o mes de abril de 2019 as seguintes axudas:

- Perceptor: La Unión de Sarria. Concepto: Adecuación de sede. Importe: 45.000,00 €.
- Perceptor: Asociación de empresarios Naves de Balmao. Concepto: Para desenvolvemento de chan industrial. Importe: 145.000,00 €.
- Perceptor: Sociedade musical rabadense Músico Crisanto. Concepto: Para gastos de xestión e actividades. Importe: 45.000,00 €.
- Perceptor: Club Maquinillas 4x4 A Fonsagrada. Concepto: Para actividades. Importe: 3.000,00 €.
- Perceptor: Asociación Cultural Antaruxas e Sorteiros. Concepto: Para gastos de actividades. Importe: 3.000,00 €.
- Perceptor: Asociación a Seimeira, A Fonsagrada. Concepto: Para gastos de actividades. Importe: 3.000,00 €.
- Perceptor: Club Xove F.S. Concepto: Gastos de tempada. Importe: 15.000,00 €.

Capítulo VI, a variación é unha diminución de 5.214.814,74 €, representa o 12,62 % do Orzamento da Deputación.

Aumento en 250.518,10 € na área de Protección e Mellora do Medio Ambiente; aumento de 1.383.743,83 € para Centros de Atención a Maiores; aumento de 100.000,00 € en Centros de estudos audiovisuais pola subrogación da Fundación TIC; diminúe por finalizar a inclusión da adquisición dos lotes do legado de D. Álvaro Gil en 350.296,00 €; aumento de

26.000,00 € nos Museos da Provincia; diminúe en 394.675,00 € a Granxa Gayoso Castro; as destinadas a Estradas Provinciais que incluíndo Expropiacións ascende a 4.313.578,75 € diminúe en 910.755,69 €, o crédito destinado a conservación de vías públicas trasládase o capítulo 2 por considerarse na súa maioría non inventariables, como xa se informou anteriormente. Diminúe en 100.000,00 € Turismo e mantense en Rutas Fluviais; 27.382,00 € aumenta en Información Básica e Estatística; aumenta en 432.000,00 Administración xeral (inclúe a reposición da Cuberta do Pazo de San Marcos); diminúe en 196.000,00 € o Parque Móbil e en 1.417.000,00 € no programa de Recadación e por último aumenta en 206.000,00 € no programa de Patrimonio (inclúe Casona do Incio).

Capítulo VII, a variación é un aumento en 4.959.957,19 €, representa o 9,63 % do orzamento da Deputación.

A variación indicada no capítulo 6 referida ó Plan Único por importe de 4.260.882,85 € que se traslada o capítulo 7; por convenios plurianuais existentes cos concellos segundo as respectivas anualidades, aumento en Monforte por importe de 225.000,00 € para Redes de Sumidoiros; diminúe en Baralla por importe de 38.250,00 € e aumenta en Monterroso para piscina y polideportivo en 200.000,00 € para Deportes. Aumenta en 140.000,00 € en Feiras, para a construción do Rocódromo. Aumenta a achega a SUPLUSA en 50.554,46 € para Urbanismo (Begonte e expropiacións en Cospeito); e aumenta en 600.000,00 € para Información e promoción turística (Tiroliña Ribeira Sacra e Miradoiro en Mondoñedo).

Capítulo VIII “Activos financeiros”, mantense igual o ano anterior e representa o 0,45 % do orzamento da Deputación. Anticipos de persoal en 300.000,00 €, e achega para a Fundación Feira e Exposicións de 80.769,23 €.

Capítulo IX “Pasivos financeiros”, mantense igual que o ano anterior en 113.464,33 €, representa o 0,13 % do orzamento da Deputación. Recolle o importe da amortización da operación de crédito a longo prazo que debe de aboarse no 2019, correspondente á subvención concedida polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sen xuros, e a operación de 15 millóns subscrita en decembro de 2017 ten dous anos de carencia polo que non leva amortización inicial no orzamento.

E, por último, as variacións máis significativas nos estados de previsión de ingresos e gastos e programa anual de actuación, investimento e financiamento de SUPLUSA formados por esta Presidencia, que son de 3.249.395,27 €, redúcese o orzamento en 1.333.459,18 € respecto ó ano anterior, que supón unha redución do 29,10 %.

As variacións mais significativas son: as achegas da Deputación de 2.547.084,33 €, redúcese respecto ó ano anterior en 300.080,86 €, pola finalización da encomenda de xardíns en maio de 2019 e a previsión de terminación e xustificación da liquidación de encomenda de CAM, dado que prestase o servizo pola propia Deputación, segundo convenios de colaboración interadministrativos cos Concellos. O dito orzamento permite executar, máis os remanentes de exercicios anteriores que se incorporan ó presente, a terminación da rede de residencias da terceira idade con centros de día; así como seguir cos outros fins propios da

Sociedade, tales como: a creación e desenvolvemento das áreas industriais a prezos accesibles, o financiamento das expropiacións en Cospeito, a encomenda da Deputación para o mantemento das áreas verdes e a finalización na rehabilitación do Taller de Maio en Begonte.

Lugo, 27 de novembro de 2018,
O Presidente,

Darío Campos Conde





DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2019

3. Estado de Ingresos

Orzamento de Ingresos
RESUMO POR CAPÍTULOS

CAPÍTULOS			
Operacións non financeiras (1-7)		84.119.745,54 €	
1.	IMPOSTOS DIRECTOS	5.671.750,49 €	Oper. Correntes (1-5) 84.053.146,89 €
2.	IMPOSTOS INDIRECTOS	4.894.400,07 €	
3.	TAXAS, PREZOS PÚBL. E OUTROS INGR.	3.832.421,34 €	
4.	TRANSFERENCIAS CORRENTES	69.571.917,99 €	
5.	INGRESOS PATRIMONIAIS	82.657,00 €	
6.	ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	- €	Oper. De Capital (6-7) 66.598,65 €
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	66.598,65 €	
Operacións financeiras (8-9)		300.000,00 €	
8.	ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	
9.	PASIVOS FINANCEIROS	- €	
TOTAL		84.419.745,54 €	



Estado de Ingresos

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
1				IMPOSTOS DIRECTOS				5.671.750,49 €
	10			<i>Imposto sobre a Renda</i>		2.572.301,28 €		
	100			Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas			2.572.301,28 €	
		100.00		IRPF				2.572.301,28 €
	17			<i>Recargos sobre impostos directos de outros entes locais</i>		3.099.449,21 €		
	171			Recargo provincial no Imposto sobre Actividades Económicas			3.099.449,21 €	
		171.00		Recargo provincial no IAE, xestión municipal				1.283.130,21 €
		171.01		Recargo provincial no IAE, xestión provincial				1.273.599,00 €
		171.02		IAE, cuotas nacionais e provinciais				542.720,00 €
2				IMPOSTOS INDIRECTOS				4.894.400,07 €
	21			<i>Impostos sobre o Valor Engadido</i>		3.636.901,28 €		
	210			Imposto sobre o Valor Engadido			3.636.901,28 €	
		210.00		IVE				3.636.901,28 €
	22			<i>Sobre consumos específicos</i>		1.257.498,79 €		
	220			Impostos Especiais			1.257.498,79 €	
		220.00		Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas				49.110,42 €
		220.01		Impostos sobre a cervexa				16.548,07 €
		220.03		Imposto sobre as labores do tabaco				393.569,05 €
		220.04		Impostos sobre hidrocarburos				796.530,84 €
		220.06		Impostos sobre productos intermedios				1.740,41 €
3				TAXAS, PREZOS PÚB. E OUTROS INGR.				3.832.421,34 €
	32			<i>Taxas pola realización de actividades de competencia local</i>		364.936,00 €		
	321			Licenzas urbanísticas			53.930,00 €	
		321.00		Licenzas urbanísticas				53.930,00 €
	329			Outras taxas pola realización de actividades de competencia local			311.006,00 €	
		329.00		Por suscripcións, insercións e venta exemplares BOP				83.770,00 €
		329.01		Por dirección de obras				218.141,00 €
		329.02		Por participación en procesos selectivos				9.095,00 €
	33			<i>Taxas pola util. privativa ou o aprov. esp. do dominio públ. local</i>		79.400,00 €		
	338			Compensación de Telefónica de España, S.A.			48.416,00 €	
		338.00		Compensación de Telefónica de España, S.A.				48.416,00 €
	339			Outras Taxas pola utilización privativa do dominio público			30.984,00 €	
		339.00		Outras Taxas pola utilización privativa do dominio público				30.984,00 €
	34			<i>Prezos públicos</i>		3.236.095,34 €		
	343			Servizos deportivos			1.000,00 €	
		343.00		Por actividades Servicio de Deportes				1.000,00 €
	349			Outros prezos públicos			3.235.095,34 €	
		349.00		Por traballos do Servizo de Publicacións				300,00 €
		349.01		Por Rutas Turísticas Fluviais				330.000,00 €
		349.02		Por actividades Rede Museística				10,00 €
		349.03		Por prest.serv. de xestión e recad. Tributos Municipais				1.172.587,42 €
		349.04		Por venda do Mapa Provincial				10,00 €
		349.05		Por prestación de servizos en centros de atención a maiores				1.722.177,92 €
		349.07		Por CENTRAD				10.000,00 €
		349.10		Outros prezos públicos				10,00 €
	36			<i>Vendas</i>		75.000,00 €		
	361			De produtos da granxa			75.000,00 €	
		361.00		De produtos da granxa				75.000,00 €
	38			<i>Reintegros de operacións correntes</i>		10.000,00 €		
	389			Outros reintegros de operacións correntes			10.000,00 €	
		389.00		Outros reintegros de operacións correntes				10.000,00 €
	39			<i>Outros ingresos</i>		66.990,00 €		
	391			Multas			1.000,00 €	
		391.10		Multas por infraccións tributarias e análogas				1.000,00 €
	392			Recargos do periodo exec. e por declaración extemporánea sin requerimento previo			3.000,00 €	
		392.11		Recarga de constrinximento				3.000,00 €
	393			Xuros de demora			18.990,00 €	
		393.00		Xuros de demora				18.990,00 €
	398			Indemnizacións de seguros de non vida			1.000,00 €	
		398.00		Indemnizacións de seguros de non vida				1.000,00 €
	399			Outros ingresos diversos			43.000,00 €	
		399.01		Outros ingresos diversos				15.000,00 €
		399.02		Reintegros anuncios BOE e outros				4.500,00 €
		399.05		Control de calidade de obra				23.500,00 €
4				TRANSFERENCIAS CORRENTES				69.571.917,99 €
	42			<i>Da Administración do Estado</i>		69.029.829,18 €		
	420			Da Administración Xeral do Estado			68.854.819,18 €	
		420.10		Fondo Complementario de Financiamento				68.834.809,18 €
		420.20		Compensación por beneficios fiscais				20.000,00 €
		420.90		Outras transferencias correntes da Administración Xeral do Estado				10,00 €
	423			De soc. mercantís estatais, ent. públicas empr. e outros org. públicos			175.010,00 €	
		423.00		De Loterías e Apostas do Estado				175.000,00 €
		423.90		De outras soc. mercantís estatais, ent. públicas empr. e outros org. públicos				10,00 €

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
45				<i>De Comunidades Autónomas</i>			10,00 €	
450				Da Administración Xeral das Comunidades Autónomas			10,00 €	
	450.80			Outras subv. correntes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma				10,00 €
46				<i>De Entidades Locais</i>			542.058,81 €	
462				De Concellos			542.058,81 €	
	462.00			De Concellos				542.058,81 €
47				<i>De empresas privadas</i>			10,00 €	
470				Aportacións e subvencións de empresas privadas			10,00 €	
	470.00			Aportacións e subvencións de empresas privadas				10,00 €
48				<i>De familias e institucións sen fins de lucro</i>			10,00 €	
480				Outras transferencias de familias e institucións sen fins de lucro			10,00 €	
	480.00			Outras transferencias de familias e institucións sen fins de lucro				10,00 €
5				INGRESOS PATRIMONIAIS			82.657,00 €	
52				<i>Xuros de depósitos</i>			47.000,00 €	
520				Xuros de depósitos de contas en Instituc. de crédito			47.000,00 €	
	520.00			Xuros de contas bancarias				47.000,00 €
55				<i>Productos de concesións e aproveitamentos especiais</i>			35.657,00 €	
550				De concesións administrativas con contraprestación periódica			35.657,00 €	
	550.00			De concesións administrativas con contraprestación periódica				35.657,00 €
7				TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			66.598,65 €	
72				<i>Da Administración do Estado</i>			66.598,65 €	
720				Da Administración Xeral do Estado			- €	
	720.00			Da Administración Xeral do Estado				- €
721				De organismos autónomos e axencias do Estado			66.598,65 €	
	721.90			De outros				66.598,65 €
76				<i>De Entidades Locais</i>			- €	
762				De Concellos			- €	
	762.00			De Concellos				- €
8				ACTIVOS FINANCIROS			300.000,00 €	
83				<i>Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público</i>			300.000,00 €	
831				Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a longo prazo			300.000,00 €	
	831.00			Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a longo prazo				300.000,00 €
9				PASIVOS FINANCIROS			- €	
91				<i>Préstamos recibidos en euros</i>			- €	
913				Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra del sector público			- €	
	913.00			Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra del sector público				0,00 €



DEPUTACIÓN DE LUGO


ORZAMENTOS 2019

4. Estado de Gastos

Orzamento de Gastos
RESUMO POR ÁREAS, POLÍTICAS E GRUPOS DE PROGRAMAS

Área de Gasto	Política de Gasto	Grupo de Programas	Denominación	CAPITULO I	CAPITULO II	CAPITULO III	CAPITULO IV	CAPITULO V	CAPITULO VI	CAPITULO VII	CAPITULO VIII	CAPITULO IX	TOTAL
9			ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	13.990.581,66 €	5.962.953,70 €	10.100,00 €	5.820.064,35 €	837.505,77 €	1.263.008,02 €	6.085.882,85 €	- €	- €	33.970.096,35 €
91			Órganos de Goberno	1.807.404,97 €	173.000,00 €	- €	594.000,00 €	- €	2.000,00 €	- €	- €	- €	2.576.404,97 €
92			Servizos de carácter xeral	8.694.167,84 €	5.337.523,91 €	- €	219.523,35 €	837.505,77 €	899.008,02 €	40.000,00 €	- €	- €	16.027.733,89 €
			920 Administración Xeral	8.694.167,84 €	5.246.023,91 €	- €	116.523,35 €	- €	846.626,02 €	- €	- €	- €	14.903.346,12 €
			923 Información básica e estadística	- €	- €	- €	- €	- €	52.382,00 €	- €	- €	- €	52.382,00 €
			924 Participación cidadá	- €	91.500,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	91.500,00 €
			924 Atención aos cidadáns	- €	- €	- €	103.000,00 €	- €	- €	40.000,00 €	- €	- €	143.000,00 €
			929 Imprevistos e funcións non clasificadas	- €	- €	- €	- €	837.505,77 €	- €	- €	- €	- €	837.505,77 €
93			Administración financeira e tributaria	3.489.008,95 €	452.424,79 €	10.100,00 €	- €	- €	362.000,00 €	- €	- €	- €	4.313.533,64 €
			931 Política económica e fiscal	1.708.261,72 €	59.638,00 €	- €	- €	- €	1.000,00 €	- €	- €	- €	1.168.899,72 €
			932 Xestión do sistema tributario	2.008.778,33 €	282.741,49 €	10.000,00 €	- €	- €	154.000,00 €	- €	- €	- €	2.455.519,82 €
			933 Xestión do patrimonio	- €	95.545,30 €	- €	- €	- €	206.000,00 €	- €	- €	- €	301.545,30 €
			934 Xestión da debeda e da tesourería	371.968,80 €	14.500,00 €	100,00 €	- €	- €	1.000,00 €	- €	- €	- €	387.568,80 €
94			Transferencias a outras Administracións Públicas	- €	- €	- €	5.006.541,00 €	- €	- €	6.045.882,85 €	- €	- €	11.052.423,85 €
			942 Transferencias a Entidades Locais Territoriais	- €	- €	- €	4.982.500,00 €	- €	- €	6.045.882,85 €	- €	- €	11.028.382,85 €
			943 Transferencias a Entidades Locais Territoriais	- €	- €	- €	24.041,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	24.041,00 €
0			DÉBEDA PÚBLICA	- €	- €	59.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	113.464,33 €	172.464,33 €
01			Débeda Pública	- €	- €	59.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	172.464,33 €
			011 Débeda Pública	- €	- €	59.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	172.464,33 €
TOTAL ORZAMENTO				26.121.608,39 €	20.410.436,50 €	71.100,00 €	17.696.291,61 €	837.505,77 €	10.657.548,70 €	8.131.021,01 €	380.769,23 €	113.464,33 €	84.419.745,54 €

Orzamento de Gastos
Resumo por capítulos



Orzamento de Gastos

Resumo económico, capítulos, artigos, conceptos e subconceptos

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
1				GASTOS DE PERSOAL				
								26.121.608,39 €
10				Órganos de goberno e persoal directivo			717.047,80 €	
	100			Retrib. básicas e outras rem. dos membros dos órganos de goberno				717.047,80 €
11				Persoal eventual			474.692,96 €	
	110			Retribucións básicas e outras remuneracións do persoal eventual				474.692,96 €
12				Persoal Funcionario			14.037.570,49 €	
	120			Retribucións básicas				5.554.808,67 €
	121			Retribucións complementarias				8.428.761,82 €
	127			Contribucións a plans e fondos de pensións				54.000,00 €
13				Persoal Laboral			3.757.765,06 €	
	130			Laboral Fixo				2.886.209,84 €
		13000		Retribucións básicas				2.745.370,22 €
		13001		Horas extraordinarias				64.111,67 €
		13002		Outras remuneracións				76.727,95 €
	131			Laboral temporal				862.725,22 €
		13100		Retribucións básicas				771.501,36 €
		13101		Horas extraordinarias				85.014,22 €
		13102		Outras remuneracións				6.209,64 €
	137			Contribucións a plans e fondos de pensións				8.830,00 €
15				Incentivos ao rendemento			871.756,65 €	
	150			Produtividade				672.952,51 €
	151			Gratificacións				198.804,14 €
16				Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador			6.262.775,43 €	
	160			Cotas sociais				5.532.641,37 €
		16000		Seguridade Social				5.494.641,37 €
		16008		Asistencia médico-farmacéutica				38.000,00 €
	161			Prestacións sociais				16.100,00 €
		16105		Pensións a cargo da Entidade local				16.100,00 €
	162			Gastos sociais do persoal				671.631,13 €
		16200		Formación e perfeccionamento do persoal				9.000,00 €
		16204		Acción social				360.284,42 €
		16205		Seguros				227.346,71 €
		16209		Outros gastos sociais				75.000,00 €
	164			Complemento familiar				42.402,93 €
2				GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS				
								20.410.436,50 €
20				Arrendamentos e cánones			243.242,00 €	
	202			Arrendamentos de edificios e outras construcións				39.117,00 €
	203			Arrendamentos de maquinaria, instalacións e ferramenta				17.500,00 €
	204			Arrendamentos de material de transporte				1.000,00 €
	206			Arrendamentos equipos para procesos de información				182.625,00 €
	209			Cánones				3.000,00 €
21				Reparacións, mantemento e conservación			5.249.239,17 €	
	210			Infraestrutura e bens naturais				4.704.312,94 €
	212			Edificios e outras construcións				169.427,23 €
	213			Maquinaria, instalacións e ferramenta				101.700,00 €
	214			Elementos de transporte				80.000,00 €
	215			Mobiliario e aparellos				17.300,00 €
	216			Equipos para procesos de información				176.499,00 €
22				Material, subministracións e outros			14.584.355,33 €	
	220			Material de oficina				228.074,00 €
		22000		Ordinario non inventariable				94.964,00 €
		22001		Prensa, revistas, libros e outras publicacións				131.010,00 €
		22002		Material informático non inventariable				2.100,00 €
	221			Subministracións				2.076.200,27 €
		22100		Enerxía eléctrica				439.443,78 €
		22101		Auga				44.470,00 €
		22102		Gas				201.207,12 €
		22103		Combustibles e carburantes				419.082,67 €
		22104		Vestuario				40.150,00 €
		22106		Produtos farmacéuticos e material sanitario				31.000,00 €
		22110		Produtos de limpeza e aseo				9.500,00 €
		22111		Subministracións de repostos de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte				37.500,00 €
		22113		Manutención de animais				232.050,00 €
		22199		Outros suministros				621.796,70 €
	222			Comunicacións				1.320.983,64 €
		22200		Servizos de Telecomunicacións				470.983,64 €
		22201		Postais				850.000,00 €
223				Transportes				20.000,00 €
224				Primas de seguros				117.601,08 €
225				Tributos				203.750,00 €
		22500		Tributos estatais				8.650,00 €
		22501		Tributos das Comunidades Autónomas				4.050,00 €
		22502		Tributos das Entidades locais				191.050,00 €

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
	226			Gastos diversos			3.957.594,34 €	
		22601		Atencións protocolarias e representativas				49.000,00 €
		22602		Publicidade e propaganda				1.642.650,00 €
		22603		Publicación en Diarios Oficiais				14.500,00 €
		22604		Xurídicos, contenciosos				27.500,00 €
		22606		Reunións, conferencias e cursos				593.000,00 €
		22607		Oposicións e probas selectivas				3.000,00 €
		22609		Actividades culturais e deportivas				1.093.839,97 €
		22699		Outros gastos diversos				534.104,37 €
	227			Traballos realizados por outras empresas			6.660.152,00 €	
		22700		Limpeza e aseo				976.510,10 €
		22701		Seguridade				1.131.969,55 €
		22706		Estudos e traballos técnicos				421.508,24 €
		22708		Servizos de recadación a favor da entidade				1.500,00 €
		22799		Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais				4.128.664,11 €
	23			Indemnizacións por razón do servizo		323.600,00 €		
	230			Axudas de custo			131.500,00 €	
		23000		Dos membros dos órganos de goberno				1.000,00 €
		23020		Do personal non directivo				130.500,00 €
	231			Locomoción			78.000,00 €	
		23100		Dos membros dos órganos de goberno				1.000,00 €
		23120		Do personal non directivo				77.000,00 €
		233		Outras indemnizacións			114.100,00 €	
	25			Traballos realizados por administracións públicas e outras entidades públicas		10.000,00 €		
		250		Traballos realizados por administracións públicas e outras entidades públicas			10.000,00 €	
3				GASTOS FINANCIEROS			71.100,00 €	
	35			Xuros de demora e outros gastos financeiros		12.100,00 €		
		352		Xuros de demora			11.100,00 €	
		359		Outros gastos financeiros			1.000,00 €	
4				TRANSFERENCIAS CORRENTES			17.696.291,61 €	
	44			A entes públicos e sociedades mercantís da Entidade Local		2.234.466,53 €		
	449			Outras subv. a ent. públicos e soc. mercantís da Entidade Local			2.234.466,53 €	
		44900		Transferencia á Sociedade Urbanística Provincial				2.234.466,53 €
	46			A Entidades Locais		8.333.228,10 €		
	462			A Concellos			5.454.437,00 €	
		46200		A Concellos				471.937,00 €
		46201		A Concellos Plan Único				4.982.500,00 €
		463		A Mancomunidade			25.000,00 €	
		466		A outras entidades que agrupen Concellos			350.000,00 €	
		467		A Consorcios			2.503.791,10 €	
	47			A Empresas privadas		353.000,00 €		
		470		Subvencións para fomento do emprego			328.000,00 €	
		479		Outras subvencións a Empresas privadas			25.000,00 €	
		47900		Outras subvencións a Empresas privadas				25.000,00 €
	48			A familias e institucións sen fins de lucro		6.775.596,98 €		
		481		Premios, becas e pens. estudo e invest.			354.740,00 €	
		482		A Grupos Políticos			594.000,00 €	
		484		Transferencias á FEMP e a FGMP			43.000,00 €	
		489		Outras transferencias			5.783.856,98 €	
		48900		Subvencións				4.372.657,30 €
		48901		Rof Codina				110.000,00 €
		48903		Fundación Feiras e Exposicións				55.000,00 €
		48907		C.A. UNED Lugo				312.391,78 €
		48910		Transferencias				933.807,90 €
5				FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS			837.505,77 €	
	50			Dotación ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria		837.505,77 €		
		500		Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria			837.505,77 €	
6				INVESTIMENTOS REAIS			10.657.548,70 €	
	60			Investimento novo en infraest. e bens destinados ao uso xeral		100.000,00 €		
		600		Investimentos en terreos (Expropiacións)			100.000,00 €	
	61			Invest. de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral		4.228.578,75 €		
		619		Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral			4.228.578,75 €	
	62			Invest. novo asda. ao funcionamento operat. dos serv.		2.863.644,64 €		
		621		Terreos e bens naturais			85.000,00 €	
		622		Edificios e outras construcións			2.120.000,00 €	
		623		Maquinaria, instalacións técnicas e ferramenta			290.500,00 €	
		625		Mobiliario			320.700,00 €	
		626		Equipos procesos información			47.444,64 €	
	63			Invest. de reposición asda. ao funcionamento operat. dos serv.		1.188.681,38 €		
		632		Edificios e outras construcións			937.181,38 €	
		633		Maquinaria, instalacións técnicas e ferramenta			21.000,00 €	
		634		Material de transporte			112.000,00 €	
		635		Mobiliario			51.000,00 €	
		636		Equipos procesos información			67.500,00 €	
	64			Gastos en Investimentos de carácter inmaterial		243.382,00 €		
		640		Gastos en Investimentos de carácter inmaterial			155.382,00 €	
		641		Gastos en aplicacións informáticas			88.000,00 €	

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto
	65			Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos		2.033.261,93 €		
	650			Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos			2.033.261,93 €	
		65009		Outros				2.033.261,93 €
7				TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		8.131.021,01 €		
	72			À Administración do Estado		400.000,00 €		
		721		A Organismos Autónomos e axencias			400.000,00 €	
	74			A entes públicos e sociedades mercantís da Entidade Local		290.554,46 €		
		749		Transferencia á Sociedade Urbanística Provincial			290.554,46 €	
	76			A Entidades Locales		7.072.466,55 €		
		762		A Concellos			7.072.466,55 €	
			76200	A Concellos				1.026.583,70 €
Se ó iniciarse o exercicio económico do 2020 non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do 2019 ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias, ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran percibirse no dito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións orzamentarias do Orzamento do 2019, que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Presidencia e tras o informe previo da Interventora. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real decreto 500/1990.

Delégase na Presidencia a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no proxecto de Orzamento pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei. Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

Título II. O ORZAMENTO XERAL E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DO ORZAMENTO

BASE 3ª: CONTÍA, CONTIDO E ESTRUTURA DO ORZAMENTO XERAL

1. O Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2019, ascende a **85.122.056,48 €**, e está formado polos seguintes orzamentos:

A) Orzamento da Deputación:

1) Estado de Gastos: **84.419.745,54 €**.

2) Estado de Ingresos: **84.419.745,54 €**.

B) Estado de previsión de ingresos e gastos da Sociedade Urbanística Provincial:

1) Estado de Gastos: **3.249.395,27 €**.

2) Estado de Ingreso: **3.249.395,27 €**.

C) Estado consolidado:

1) Estado de Gastos: **85.122.056,48 €**.

2) Estado de Ingresos: **85.122.056,48 €**.

A programación orzamentaria réxese polos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, plurianualidade, transparencia, eficiencia na asignación de recursos, responsabilidade e lealdade institucional, conforme ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As previsións de gastos e ingresos das entidades comprendidas no ámbito subxectivo de aplicación da citada lei, non incluídas nos apartados anteriores son:

Consortio Provincial de Bombeiros: **5.799.700,20 €**.

O estado consolidado dos 3 entes é:

- 1) Estado de Gastos: **88.467.006,58 €.**
 2) Estado de Ingresos: **88.467.006,58 €.**

2. O Orzamento xeral contén os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas e os estados de ingresos nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos que se liquidarán durante o exercicio.

3. Para a confección do Orzamento aplicouse a estrutura por programas e por categorías económicas aprobada pola Orde EFA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde FAP/419/2014, de 14 de marzo.

CAPÍTULO SEGUNDO. DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIONES

BASE 4ª: RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E FONDO DE CONTINXENCIA

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal foran autorizados no Orzamento xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas. Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, e non poderán adquirirse compromisos de gastos en contía superior ó importe deles, coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do TRLRFL, e 25.2 do Real decreto 500/1990 que o desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ó "nivel de vinculación xurídica" que se sinala na seguinte base.

Con cargo ós créditos do estado de gastos do Orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaráselles ós créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ó Orzamento xeral. Para os efectos do artigo 176.2.a) do TRLRFL, se considerarán "atrasos a favor do persoal" os conceptos que enumera o Capítulo III do Título III, da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, as axudas de carácter social de contido económico, e os referidos no artigo 75 de la Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases do réxime local (en adiante LBRL).

- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990, requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.
- c) Gastos derivados de contratos validamente celebrados, de tracto sucesivo e periódicos.
- d) Gastos derivados de expedientes de contratos menores tramitados axeitadamente no ano anterior sempre que ó final do ano se anulase o crédito.
- e) Gastos derivados de resolucións do Xurado de expropiacións, de órganos xudiciais, sancións ou tributos.
- f) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 relativos a recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os gastos, créditos e avais autorizados en anos anteriores pola Deputación e polo Consello de Administración da Sociedade ou polos órganos equivalentes dos demais entes dependentes, destinados a financiar as actuacións dos mesmos, e que non foran aprobados ou subscritos, entenderanse extinguidos.

Fondo de Continxencia:

O Orzamento da Deputación, co fin de facer fronte a necesidades de carácter non discrecional e non previstas, en todo ou en parte, no Orzamento inicialmente aprobado, inclúe unha dotación de crédito no programa “Fondo de Continxencia”, por importe de 300.000,00 €, destinando a financiar, cando proceda, transferencias de crédito, e 537.505,77 € destinados á previsión de incremento retributivo para o exercicio 2019.

Poderá destinarse ó financiamento da execución no exercicio 2019 dos gastos legalmente autorizados ou comprometidos en exercicios anteriores que non sexan incorporables conforme as normas orzamentarias de xeral aplicación e que requiran de modificación de crédito.

A aplicación do Fondo de Continxencia se aprobará, a proposta da Delegada de Economía, mediante resolución da Presidencia conxuntamente coa transferencia de crédito.

BASE 5ª: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

Os niveis de vinculación xurídica que se establecen son os seguintes:

- A) No Capítulo Primeiro, os niveis de vinculación xurídica virán determinados polo CAPÍTULO e o ÁREA DE GASTO.
Con todo, terán carácter vinculante a nivel económico os incentivos ó rendimento: produtividade entre o 150, 13002 e 13102, e gratificacións entre o 151, 13001 e 13101.
- B) Nos restantes Capítulos, os niveis de vinculación virán determinados polo CAPÍTULO e o GRUPO DE PROGRAMAS.

Se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito a vinculación será consigo mesma.

Os gastos que se atopen incluídos nun proxecto con cofinanciamento, estarán vinculados en si mesmos, é dicir, vinculados co nivel de desagregación económica coa que aparezan no Orzamento.

Para os efectos oportunos, enténdense incluídas nos estados de gastos e ingresos, cunha consignación inicial de “cero” €, tódalas aplicacións orzamentarias que resultan da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde FAP/419/2014, de 14 de marzo. No primeiro documento contable que se tramite con cargo a tales conceptos farase constar tal circunstancia mediante dilixencia que indique “Primeira operación imputada ó concepto” respectando a estrutura orzamentaria vixente.

BASE 6ª: MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS

Ó amparo do establecido nos artigos 172 a 182, ambos inclusive, do TRLRFL e nos artigos 34 a 51 do Real Decreto 500/1990, que a desenvolve, as modificacións de crédito que poderán ser realizadas nos referidos Orzamentos que integran o Xeral da Deputación, son as seguintes:

- a) Créditos extraordinarios.
- b) Suplementos de crédito.
- c) Ampliacións de crédito.
- d) Transferencias de crédito.
- e) Xeración de créditos por ingresos.
- f) Incorporación de remanente de crédito.
- g) Baixas por anulación.

Cada unha das modificacións indicadas será obxecto de expediente administrativo coa tramitación que se determina no referido Real Decreto, sendo órgano competente para a súa aprobación o Pleno da Deputación nos supostos de “créditos extraordinarios”, “suplementos de crédito”, “baixas por anulación” e “transferencias de crédito”, estas unicamente nos supostos de transferencias entre distintas áreas de gasto (agás as que afecten a créditos de persoal e fondo de continxencia); nos restantes casos, será órgano competente para a súa aprobación o Ilmo. Sr. Presidente ou Órgano en que delegue expresamente esta competencia.

Título III. DA EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL

CAPÍTULO PRIMEIRO. NORMAS XERAIS SOBRE A XESTIÓN E PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

BASE 7ª: FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

A xestión dos créditos incluídos no Estado de Gastos do Orzamento Xeral da Deputación Provincial realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do Gasto.
- b) Disposición ou compromiso do Gasto.
- c) Recoñecemento e liquidación da Obriga.
- d) Ordenación do Pagamento.

As devanditas fases terán o carácter e contido definido nos Artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.

Con carácter previo procederase á retención do crédito correspondente, con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito.

BASE 8ª: ACUMULACIÓN DE FASES

1. De conformidade co disposto no Artigo 184.2 do TRLRFL e os artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse presentar, polo tanto, as seguintes fases:

- Retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente **(RC)**.
- Autorización – Disposición **(AD)**.
- Autorización – Disposición – Recoñecemento da Obriga **(ADO)**.

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

2. Cando para a realización dun gasto, se coñeza a súa contía exacta e o nome do receptor, poderanse acumular as fases de autorización e disposición tramitándose a través do procedemento abreviado **“AD”**. Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gasto:

- Nómina do persoal.
- Contratos de vixencia plurianual respecto da anualidade orzamentaria.

- Gastos de tracto sucesivo por un importe previamente coñecido ou estimado en función do gasto do ano anterior: arrendamentos, contratos de prestación de servizos, etc.
- Gastos financeiros, xuros e cotas de amortización de préstamos, cuxo importe sexa coñecido previamente ó recoñecemento da obriga.

A contabilidade do AD poderase realizar anualmente polo importe correspondente ó dito período.

3. Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles nos que a esixibilidade da obriga poida ser inmediata e sempre e cando non estean suxeitos ó proceso de contratación, poderán acumular as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga tramitándose o documento contable "**ADO**". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gastos:

- Anticipos de pagas ó Persoal funcionario e laboral.
- Outros gastos de acción social.
- Asistencia a tribunais de oposicións e órganos colexiados e axudas de custo por comisións de servizo.
- Gastos orzamentarios consecuencia de fondos librados co carácter de "a xustificar" ou como "anticipos de caixa fixa".
- Todos aqueles gastos do Capítulo II e do Capítulo VI, se é o caso, da clasificación económica do Orzamento, que teñan o carácter de "contratos menores" (ver Base 17).
- Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características, non pode coñecerse o seu importe previamente ó recoñecemento da obriga (xuros variables, etc.).
- Subvencións prepagables.
- Recoñecemento extraxudicial de crédito.

BASE 9ª: AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

Con cargo ós créditos do estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación, a **autorización e disposición** destes corresponderá ós seguintes órganos:

- O Pleno da Corporación, ou á Xunta de Goberno, nos supostos de delegación:
Nos gastos derivados da súa competencia, segundo a normativa que regula as competencias do Pleno con carácter xeral, e polo establecido no Regulamento orgánico da Excma. Deputación de Lugo e no Acordo Plenario de 4 de novembro 2015, sobre Delegacións do Pleno na Xunta de Goberno, e demais acordos que durante o ano se puideran adoptar.
- O Presidente ou Órganos en quen delegue:
Nos gastos derivados da súa competencia, segundo a normativa que regula as competencias do Presidente con carácter xeral, no Regulamento orgánico da Excma. Deputación de Lugo, e demais que lle atribúan expresamente as leis e

aqueles que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen á Deputación e non se atribúan a outros órganos provinciais.

No Pleno da Deputación de 4 de novembro de 2015, dáse conta das delegacións do Presidente noutros órganos, sen prexuízo das delegacións que durante o ano se puideran adoptar.

BASE 10ª: RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

A) Regras xerais:

O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou órgano en quen delegue.

O recoñecemento e liquidación de obrigas requirirá, como trámite previo, que en cada factura de calquera provedor sexa manifestada a conformidade polo Xefe do Servizo ou unidade administrativa mediante a seguinte "Dilixencia": "Prestados os servizos, realizadas as obras ou verificadas as subministracións detalladas na presente factura, conforme con cantidades, e prezo, data... - O receptor. Sinatura... ". A factura deberá cumprir as prescricións previstas no artigo 6º do Real Decreto 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. A dita conformidade poderá manifestarse mediante informe do servizo que asume a supervisión correspondente manifestando a comprobación obrigatoria do gasto.

A dilixencia a que se refire o parágrafo anterior, forma parte da comprobación obrigatoria do investimento para todos os gastos non xustificadas documentalmente con certificación de obras, ou actas de recepción de obras, subministracións ou servizos.

Cando a comprobación do investimento precise de coñecementos técnicos, esta farase por medio de certificación expedida polo técnico correspondente. Estas certificacións terán o valor atribuído á Dilixencia a que se refire o parágrafo anterior e ademais, que a obra, servizo ou subministración se verificou conforme ás condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

As subvencións ou achegas previstas no Orzamento a favor dos Entes dependentes da Deputación, así como naqueles outros nos que a achega sexa de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, consideraranse compromisos de gastos, orixinando documento AD ó inicio do exercicio. O recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación dos pagamentos realizarase mensualmente ós ditos Entes, sen prexuízo de practicar liquidación definitiva en relación coa execución do exercicio anterior.

En materia de persoal non será preciso resolución da Presidencia para atender ós pagos dos gastos e retencións derivadas das nóminas relativos a Seguridade Social, Muface, clases pasivas, Plan de Pensións e IRPF, cuxos documentos deberán ser presenta-

dos na Tesouraría da Deputación con cinco días de antelación ó remate da data de pago dos mesmos. Autorízase o cargo en contas bancarias da Deputación Provincial e demais entes dependentes, a parte dos gastos anteriores en materia de persoal, ós gastos relativos a xuros e amortizacións de préstamos, operacións de leasing e outros de carácter financeiro, con carácter previo a ordenación do pago, así como outros que se aproben, a proposta de Intervención, pola Presidencia. Para o resto dos gastos, unicamente poderá seguirse o dito procedemento nas contas que corresponden a anticipos de caixa fixa.

Os rexistros contables relativos ó recoñecemento e liquidación das obrigas de competencia do Presidente ou órgano en quen delegue, entenderanse debidamente acreditados mediante a indicación naqueles da resolución ou acordo aprobatorio do recoñecemento e liquidación do gasto ou copia adxunta deste.

Por aplicación dos principios de eficacia e celeridade, as sinaturas autorizadas nas operacións contables poderán realizarse en documentos resuntivos que conterán unha referencia suficiente que identifique os documentos contables a que se refiren, sendo unidos estes, en todo caso, ós citados resumos.

A Delegada de Economía e Facenda ou quen a substitúa poderá asinar os documentos do proceso contable e aqueles nos que se materialice o pagamento.

B) Cesión de créditos:

Nas cesións de créditos que poidan efectuar acredores da corporación, seguiranse as normas e trámites establecidos na lexislación vixente sobre contratos do Sector Público e en todo caso, teranse en conta as seguintes normas:

1.-Requisitos necesarios para a efectividade das cesións.

1.1. Terán efectividade fronte á Deputación Provincial de Lugo ou ós seus entes dependentes as cesións de créditos efectuadas polos contratistas, que resultaran adxudicatarios de contratos celebrados coa devandita Administración, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) A cesión haberá de poñerse en coñecemento da Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes, para o que deberá realizar notificación fidedigna da cesión conforme ó procedemento indicado máis adiante.

b) Que o crédito obxecto de cesión non se atope xa en estado de “ordenación de pagos” ou en estado de “aboadado”.

1.2. Non terán efecto fronte á Deputación de Lugo ou ós seus entes dependentes, polo que non se tomará razón das cesións de crédito relativas a :

a) Expropiacións forzosas.

b) Facturas emitidas por persoas físicas ou xurídicas respecto das cales exista anotación de embargo xudicial ou administrativo, vixente na contabilidade, por importe superior ó crédito que se pretende ceder.

Se é o caso de que o importe da orde de embargo sexa inferior ó crédito que se pretende ceder, procederase á “toma de razón” da cesión só na parte do crédito que non fora obxecto de embargo, unha vez practicados os descontos correspondentes ó momento do recoñecemento da obriga, segundo o establecido nos pregos de condicións o na lexislación vixente.

c) Facturas incluídas en expedientes de recoñecemento de obrigas, nos que se formularan reparos suspensivos polo órgano interventor, conforme ó artigo 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

1.3. A cantidade a aboar ó cesionario poderá ser inferior ó importe certificado ou facturado cando no momento do recoñecemento da obriga se practiquen os descontos correspondentes, conforme ó establecido nos pregos de condicións ou na lexislación vixente. Sobre o dito desconto deixarase constancia na toma de razón segundo o procedemento descrito no apartado relativo ás “actuacións da Administración”.

2.-Obrigas do cedente e cesionario.

Para que a cesión de crédito se considere fidedignamente notificada á Deputación de Lugo ou ós seus entes dependentes, deberán seguir os seguintes trámites, os cales variarán segundo se trate de cesións de créditos existentes ou de créditos futuros.

2.1.- Considérase que existe crédito cando o contratista realizara a prestación obxecto do contrato e emitira a factura correspondente, estando a mesma conformada polos servizos técnicos da Deputación de Lugo ou dos seus entes dependentes.

O contratista deberá remitir ás oficinas da Intervención xeral ou á Intervención dos seus entes dependentes:

a) Comunicación da cesión do crédito, indicando o número da certificación ou factura, importe da mesma, data de emisión e concepto e identificación do cesionario (nome ou razón social e NIF), así como os datos bancarios do mesmo necesarios para efectuarlle os pagos. Este trámite non será necesario cando directamente se faga entrega dun exemplar da certificación ou factura na que conste a cesión e aceptación do crédito coas sinaturas correspondentes e identificación dos asinantes, na dirección anteriormente indicada.

b) Cando se lle comunicara a cesión de crédito conforme ó establecido no apartado anterior deberá facerse entrega, con posterioridade, dun exemplar da certificación ou factura na que conste a cesión e aceptación do crédito, coas sinaturas correspondentes e identificación dos asinantes. Cando o poder para efectuar a cesión do crédito sexa mancomunado deberán constar as sinaturas e identificacións de tódolos apoderados.

c) Poderes bastanteados pola Asesoría xurídica que acrediten tanto o asinante cedente coma o asinante cesionario para ceder créditos e aceptar cesións de créditos, respectivamente.

d) Fotocopia do DNI dos asinantes.

2.2.- Considéranse créditos futuros aqueles que se deriven de prestacións relativas a contratos celebrados e perfeccionados entre o cedente e a Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes, sempre que no momento da cesión non se realizaran as prestacións obxecto de contratación, ou que realizándose, non existira factura ou certificación ou a mesma estivera pendente de conformar polos servizos técnicos correspondentes. O contratista deberá remitir ás oficinas da Intervención xeral ou ás Intervencións dos entes dependentes:

a) Comunicación dos contratos que poderán dar lugar á cesión de créditos, indicando:

-Relación de contratos obxecto de cesión: A este respecto acompañarase copia dos contratos formalizados ou, no seu defecto, deberanse identificar co número de expediente, importe da adxudicación e denominación do mesmo.

-Se a cesión de créditos futuros se realizara mediante contrato de factoring deberá aportarse copia do mesmo, no que deberá constar, de maneira expresa, a relación de contratos celebrados entre a empresa cedente e a Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes que sexan obxecto do contrato de factoring. En todo caso a identificación dos contratos deberá realizarse conforme o establecido no apartado anterior.

No caso de que as facturas derivadas dos mencionados contratos, que sexan obxecto do factoring, sexan anteriores á data deste, deberase emitir relación conformada pola empresa de factoring e pola empresa cedente indicando o número, importe, data de emisión e concepto das facturas factorizadas.

En todo caso, non se admitirá factoring sen recurso.

-Identificación do cesionario (nome ou razón social e NIF), así como os seus datos bancarios.

b) Poderes bastanteados pola Asesoría xurídica que acrediten tanto ó asinante cedente coma ó asinante cesionario para ceder créditos e aceptar cesións de créditos, respectivamente.

c) Fotocopia do DNI dos asinantes.

A Presentación da documentación referida neste apartado 2.2 non vinculará á Administración para a toma de razón da cesión de créditos, a cal só se efectuará cando, unha vez realizadas as prestacións obxecto dos contratos sinalados na comunicación, as certificacións ou facturas conformadas polos servizos provinciais conteñan indicación da cesión e aceptación do crédito, coas sinaturas correspondentes e identificación dos asinantes, e o recoñecemento da obriga se encontre aprobado polo órgano competente. Cando o poder para efectuar a cesión de crédito sexa mancomunado deberán constar as sinaturas e identificación de tódolos apoderados.

3.- Actuacións da Administración.

Unha vez aprobado o recoñecemento da obriga polo órgano competente, efectuarase a toma de razón no corpo da factura ou certificación xustificativa do crédito polos servizos correspondentes da Intervención xeral ou da Intervención dos seus entes dependentes, e procederase ó abono a nome do cesionario. Para iso verificarase polos devanditos servizos que o crédito obxecto de cesión cumpre o establecido nos apartados 1 “Requisitos necesarios para a efectividade das cesións” e 2 “Obrigas do cedente e cesionario na cesión”.

Cando no momento do recoñecemento da obriga se practiquen os descontos establecidos nos pregos de condicións que rexen a contratación ou os esixidos pola lexislación vixente, o dito extremo poñerase de manifesto na toma de razón.

Cando así sexa requirido polos interesados, facilitarase unha fotocopia da factura ou certificación na que conste a toma de razón.

Se na data da comunicación fidedigna da cesión do dereito de crédito á Administración constara na mesma a incoación dun procedemento de compensación das débedas do cedente coa Deputación e os seus entes dependentes, quedará suspendida a toma de razón da cesión do crédito.

Se unha vez realizada a cesión e a preceptiva toma de razón, segundo o disposto nos apartados anteriores, e antes de producirse o pago, se recibise orde de embargo expedida pola autoridade xudicial ou administrativa, procederase da seguinte maneira:

- Notificarase ó cedente e ó cesionario a mencionada circunstancia para que no prazo de 10 días manifesten o que no seu dereito conveña.
- Así mesmo trasladarase á autoridade que ordena o embargo a existencia da cesión para que tamén se pronuncie ó respecto.
- Se transcorrido o devandito prazo non se obtivera resposta ou xurdira calquera tipo de discrepancia, e a menos que da autoridade que realiza o embargo se recibira outra instrución, procederase, previa comunicación ós interesados, a realizar a consignación na Caixa xeral de depósitos provincial.

C) Facturación electrónica:

De acordo co artigo 4 “Uso da factura electrónica no sector público” da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, quedan excluídas da obriga de facturación electrónica as facturas de ata 5.000,00 €.

BASE 11ª: ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS

A ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou órgano en quen delegue. As ordes de pagamento deberán acomodarse, se é o caso, ó plan de disposición de fondos que se estableza pola Presidencia, tendo prioridade en todo caso os gastos de xuros e amortización de débeda.

O pagamento material xustificárase pola Tesouraría mediante o "recibín" do perceptor ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira.

BASE 12ª: XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se acredite documentalmente ante o órgano competente para recoñecer obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acredor, e todo de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

BASE 13ª: ORDES DE PAGAMENTO “A XUSTIFICAR”

As ordes de pagamento “a xustificar” rexeranse polo establecido nos artigos 69, 70 e 71 do RD 500/1990, e deberán axustarse ás seguintes normas:

1. A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar" deberá efectuarse, tras a aprobación polo órgano competente da autorización do gasto, achegándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento.

2. Os fondos librados "a xustificar" poderán situarse a disposición da persoa autorizada en conta corrente bancaria aberta para o efecto, ou ben entregándose en efectivo ó perceptor.

3. Os conceptos orzamentarios ós que son de aplicación as ordes de pagamento "a xustificar" limítanse ós diversos conceptos dos capítulos 2º e 6º da clasificación económica do orzamento de gastos.

4. A xustificación das ordes de pagamento deberá efectuarse no prazo de tres meses, como máximo, ante a Intervención Provincial, acompañando facturas e documentos auténticos que xustifiquen a saída de fondos coa dilixencia do xefe do servizo ou unidade administrativa correspondente, de que se realizou este, de que se achegou o material correspondente ou de que se realizou, en xeral, o gasto de plena conformidade. Non obstante, a 31 de decembro, os mandados desta natureza deberanse render e achegar a correspondente xustificación. Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ó reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á devandita conta, o xustificante do ingreso efectuado. No suposto de que se xustifique por importe superior ós fondos recibidos procederase ó aboamento da diferenza unha vez

aprobada a conta xustificativa. A conta, cos documentos e o informe de Intervención, elevarase ó Presidente para a súa aprobación. De non se render nos prazos establecidos a devandita conta, procederase a instruír de inmediato expediente de alcance de fondos contra a persoa que recibiu as cantidades "a xustificar", de conformidade co disposto para o efecto na Lei xeral orzamentaria.

Só se poderán expedir ordes "a xustificar" nos seguintes supostos:

- Que o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados "a xustificar".
- Que o perceptor non incorrese en mora na xustificación de fondos, en anteriores ordes de pagamento "a xustificar".
- Que o seu importe non supere a cifra de 6.000 euros, a excepción dos pagamentos "a xustificar" para a realización de congresos e outros espectáculos, cuxo límite será o importe autorizado para a realización destes.
- Para atencións de carácter periódico ou repetitivo, terán o carácter de anticipos de caixa fixa, regulándose polas súas normas específicas e polo disposto na Base núm.14.

BASE 14^a: ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

1. Concepto: enténdense por anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter extraorzamentario e permanente que se realicen ás habilitacións de caixa fixa para a atención inmediata e posterior aplicación ó Orzamento do ano no que se realicen, de gastos periódicos ou repetitivos do capítulo II do estado de gastos do Orzamento.

2. Ámbito: as aplicacións orzamentarias cuxos gastos se poderán atender con este tipo de fondos serán as que resulten dos conceptos da clasificación económica que se relacionan de seguido:

CONCEPTO	DESCRICIÓN
212	Reparac., mantem. e conservac. edificios e outras construcións
213	Reparac., mantem. e conservac. maq.,instalac. e ferra.
214	Reparac., mantem. e conservac. material de transporte.
215	Reparac., mantem. e conservac. mobiliario e aparellos.
216	Reparac., mantem. e conservac. eq. proceso de información.
220	Material de oficina.
221	Subministracións.
222	Comunicacións.
223	Transportes.
224	Primas de seguros.
225	Tributos.
226	Gastos diversos.

3. Contía: A contía global dos anticipos de caixa fixa non poderá exceder a cantidade de 300.000,00 €. Individualmente, as provisións iniciais de fondos para anticipos de caixa fixa non poderán ser superiores á cifra de 30.000,00 €.

4. Situación dos fondos: os fondos correspondentes a cada un dos anticipos de caixa fixa constituídos situaranse nunha conta corrente aberta para este efecto coa denominación “Excma. Deputación Provincial.- Caixa Fixa nº.....”. Os fondos situados nestas contas terán para todos os efectos carácter de fondos públicos provinciais e os seus xuros ingresaranse no concepto correspondente do Capítulo V do Orzamento Xeral da Deputación.

5. Disposición de fondos: as disposicións de fondos das contas a que se refire o apartado anterior, efectuaranse mediante tarxeta bancaria, cheque nominativo ou transferencia bancaria autorizados coa sinatura do habilitado responsable da disposición dos fondos designado para este efecto por Resolución da Presidencia.

Será posible a existencia de fondos en efectivo mediante a súa disposición por cheque nominativo do titular da conta, que será o responsable da custodia e xustificación dos mesmos.

Os pagamentos que realice o caixeiro ós acredores finais rexistraranse (coa data da saída dos fondos) en calquera momento anterior á elaboración da correspondente conta xustificativa.

6. Xustificación: A medida que as necesidades de tesouraría aconsellen a reposición dos fondos, os habilitados renderán as contas, dando lugar ás correspondentes ordes de pagamento polas cantidades a que ascenden cada un dos conceptos, ingresándose o seu importe na conta corrente do Anticipo de Caixa Fixa.

Os perceptores destes fondos estarán obrigados a xustificar os importes investidos ó longo do exercicio económico no que se recibisen, a poder ser mensualmente, e cando menos durante o mes de decembro, haberán de render as contas a que se refire o parágrafo 1º do Art. 74 del RD. 500/1990.

7. Control: por resolución da Presidencia determinarase, se é o caso, o control a que serán sometidos cada un dos anticipos de caixa fixa. En calquera momento a Intervención poderá solicitar estados de situación das contas correntes e referidos a datos concretos. Os perceptores de anticipos serán nomeados polo Presidente, ó que tamén lle compete deixar sen efectos o nomeamento.

8. Contabilidade: os anticipos de caixa fixa serán obxecto de axeitado seguimento contable conforme ás normas contidas na Orde EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.

CAPÍTULO SEGUNDO. PROCEDIMIENTO A SEGUIR PARA DETERMINADOS GASTOS

BASE 15ª: NÓMINAS E OUTROS GASTOS DE PERSOAL

1. Nóminas:

O pagamento de toda clase de retribucións ós funcionarios e demais persoal desta Deputación efectuarase mediante nómina mensual que se pechará o día 15 de cada mes, e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data terán efecto na nómina do mes seguinte.

Xunto coa nómina achegarase un parte das variacións que tiveran lugar nela en relación co mes anterior, para a súa debida fiscalización.

A nómina será autorizada polo Deputado/a delegado da Área de Réxime Interior e levará a conformidade do Xefe do Servizo de Persoal, pola que se acreditará que os funcionarios e demais persoal comprendidos nela realizaron os servizos que nela se sinalan e retribúen.

2. Retribucións de persoal eventual:

As retribucións do persoal eventual son as determinadas no acordo do Pleno da Deputación de data 4 de novembro de 2015.

3. Retribucións do persoal laboral temporal e funcionarios interinos:

As retribucións do persoal laboral temporal e funcionarios interinos serán as que figuren nos seus respectivos contratos, e non poderán superar en ningún caso as correspondentes ós funcionarios de carreira de similar categoría.

4. Produtividade:

A cantidade global destinada a produtividade ascende a **672.952,51 €** para o persoal funcionario e a **82.937,59 €** para o persoal laboral, e corresponde ó Presidente a distribución da dita contía segundo o determinado no Acordo Marco Único e no Convenio Colectivo e os criterios que se establezan pola Presidencia, segundo acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación.

5. Persoal que presta servizos en entes dependentes da Deputación:

As retribucións, indemnizacións e axudas de custe por asitencia do persoal que preste servizos en sociedades mercantís, consorcios, fundacións e outros entes que integren o sector público provincial serán integramente aboadas polos respectivos entes con cargo ó seu orzamento en cumprimento das súas relacións e obrigas laborais ás que chegarán de acordo ó marco legal que resulte de aplicación

O desempeño de determinadas funcións que, por orde expresa de órgano competente da Deputación Provincial de Lugo sexa prestado por funcionarios desta administración, sempre que respecte a normativa en materia de incompatibilidade da funcións pública, poderá ser obxecto de gratificacións, a proposta do ente que recibe o

traballo e previa resolución do órgano competente da administración, e tales cantidades serán descontadas da aportación orzamentaria provincial a cada ente.

BASE 16ª: RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS

1. Dos membros da Corporación e Grupos Políticos:

1.1. As retribucións ós membros da Corporación, rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día 4 de novembro de 2015, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 258, de data 10 de novembro 2015, ou daqueles acordos que poidan adoptarse no seu lugar.

As indemnizacións por axudas de custo, asistencia e locomoción rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día sete de agosto de 2007, publicado no Boletín da Provincia número 182, de data oito de agosto de 2007.

As asistencia de membros e persoal ós órganos colexiados dos entes dependentes ou sociedades desta Deputación son as determinadas polo consello de administración ou órganos reitores dos demais entes dependentes.

1.2. As asignacións económicas ós Grupos Políticos da Corporación, son as aprobadas polo Pleno desta Deputación en sesión celebrada o día 4 de novembro de 2015, coincidentes coas aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o día 7 de xullo de 2011, agás para o Grupo Popular que mantén as aprobadas polo Pleno en sesión de 14 de xullo de 2015, ou daqueles acordos que se podan adoptar no seu lugar. Foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 258, do 10 de novembro de 2015. Os pagamentos efectuaranse entre o 20 e o 25 de cada mes.

A contabilidade dos Grupos Políticos deberá levarse atendendo ó disposto no acordo do Pleno da Deputación de 29.05.2000, e demais normativa de aplicación.

2. Outras Indemnizacións:

2.1. As indemnizacións para o persoal e demais que se relacionen cos entes a que se refiren estas Bases, rexeranse polo disposto no RD 462/2002, de 24 de maio, e demais normativa estatal e autonómica que lles sexa de aplicación en cada caso. Poderán ser resarcidos os gastos xustificados de transporte público ou privado que se produzan co obxecto do bo fin da xestión encomendada, así como outros que puideran supoñer un enriquecemento inxusto en detrimento dos afectados. As facturas das axencias de viaxes e demais intermediarios de natureza análoga, poderán constituír proba formal dos gastos, sempre que destas e do resto da documentación que se achegue, resulten claramente os conceptos a indemnizar.

Por razóns operativas e funcionais, en principio, a autorización ou orde de saída para a realización de cursos, xornadas ou similares corresponde ó Presidente, nos res-

tantes supostos a autorización deberá realizala o Delegado/a correspondente, se ben por razóns operativas e funcionais no relativo ó Parque Móbil corresponderá ó Xefe do Parque Móbil, en relación ó persoal adscrito á dita unidade administrativa.

A Dilixencia de cumprimento de servizo encomendado así como a liquidación das indemnizacións correspondentes serán efectuadas polo interesado de acordo co disposto no RD 462/2002, de 24 de maio.

A Presidencia poderá establecer, cando o estime axeitado, as instrucións xerais ou concretas para un mellor desenvolvemento destas actuacións.

2.2. Nos supostos en que por causas excepcionais e xustificadas, non se puidera achegar a xustificación orixinal acreditativa da prestación do servizo, poderanse substituír estes documentos polas probas complementarias suficientes ou por declaración xurada do interesado.

2.3. Nos casos de tribunais, comisións ou outros órganos colexiados para valorar bolsas de estudo, axudas para vivenda, garderías ou similares, as súas funcións e as contías oportunas asimílanse ás recollidas no Art. 29 e Anexo IV, categoría A do Real Decreto 462/2002 do 24 de maio.

Este apartado haberá de ser obxecto da publicidade a que se refire o artigo 75.5. da Lei 7/1985, 2 de abril, de Bases del Réxime Local, en razón de que é de aplicación ós membros desta Corporación que formen parte do devandito Órgano.

2.4. Por analogía co disposto no artigo 8 do Real Decreto 462/2002, o persoal que forme parte de delegacións oficiais presididas por membros da Corporación, poderán percibir as axudas de custo do grupo correspondente a estes, ou ben serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados.

2.5. Para estes efectos do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, Anexo 1º, asímílanse ó grupo 1 os funcionarios con habilitación de carácter nacional.

BASE 17ª: GASTOS OU CONTRATOS MENORES

A tramitación de gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ó disposto no artigo 29 e 118 da LCSP adecuaranse, con carácter xeral, ós seguintes criterios:

En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto.

Corresponderá á unidade administrativa que propoña a formalización dun contrato menor, verificar previamente, a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa tramitación, asumindo, en caso contrario, a responsabilidade á que houbera lugar.

Nos casos que así se determine para cada unha das clases de contratos regulados na presente base, as propostas de formalización deberanse remitir, para a súa tramitación, ó Servizo de Contratación e Fomento.

Os contratos menores terán unha duración inferior ó ano e procurarase a súa imputación ó exercicio orzamentario no que se realiza a prestación.

Non poderán ser obxecto de prórroga, ampliación, incremento, revisión de prezos nin obxecto de fraccionamento.

Naqueles contratos nos que a unidade administrativa propoñente dependa directamente de Presidencia, poderá ser substituída a conformidade do Ilmo. Sr. Presidente pola da Deputada Delegada de Economía e Facenda.

Nos supostos que por motivos xustificados o gasto fora realizado con anterioridade á resolución que determina a selección do contratista, e sempre que existira consignación orzamentaria axeitada e suficiente, a factura poderase recoñecer e ordenar o seu pago, simultaneamente coa aprobación do gasto.

BASE 18ª: TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES DE GASTO

1. De conformidade co establecido no artigo 117.2 e DA 3ª da LCSP, na tramitación anticipada de expedientes de contratación poderá chegarse ata a adxudicación do contrato e a súa formalización correspondente, aínda que a súa execución, xa se realice nunha ou varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte.

2. Igualmente poderá iniciarse no exercicio orzamentario inmediatamente anterior a aquel no que se teña que materializar a contraprestación, expedientes de gasto non incluídos no apartado anterior, sempre que:

- a) Exista habitualmente crédito axeitado e suficiente no Orzamento.
- b) Exista crédito axeitado e suficiente, se é o caso, no Proxecto de Orzamentos para o exercicio seguinte.
- c) Se teña adoptado Acordo polo órgano competente do que se deduza a obriga de incluír o crédito no Orzamento do exercicio seguinte.

3. En todo caso, axustaranse ós obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

BASE 19ª: GASTOS PLURIANUAIS

De acordarse, axustaranse ó establecido no Art. 174 do TRLRFL e nos artigos 79 a 88, ambos inclusive, do Real Decreto 500/1990, así como ós obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira conforme ó establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Corresponde á Xunta de Goberno a competencia para, en casos excepcionais, elevar as porcentaxes a que se refire o artigo 174 do TRLRFL.

No suposto de gastos plurianuais que debeñan de convenios de cofinanciamento a subscribir con entes públicos ou privados, as porcentaxes e contías serán as que neles se determinen.

BASE 20ª: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, VALIDACIÓN E OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA.

1. Recoñecemento extraxudicial de créditos:

1.1. Tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ó Orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos feitos en exercicios anteriores, cando doutro xeito non sexa posible, de acordo co previsto nestas Bases e a normativa en vigor.

1.2. O recoñecemento extraxudicial de créditos esixe:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular, motivando a necesidade de propoñer unha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica, axeitada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.

A dotación orzamentaria, de existir no Orzamento, requirira informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

De non existir dotación orzamentaria no Orzamento requirirase a súa habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que poderá ser previo ou simultáneo ó acordo sobre o recoñecemento da obriga.

1.3. A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ó Pleno, Consello de Administración ou Padroados, segundo proceda.

1.4. O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa suscrita polo responsable do Servizo sobre os seguintes extremos:

– Xustificación da necesidade do gasto efectuado e as causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente.

– Data ou período de realización.

– Importe da prestación realizada.

– Garantías que procedan ou dispensa motivada destas.

– Informe de valoración do que se deduza que as unidades utilizadas son as es-tritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e axeitados ó mercado.

b) Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acredor ou da realización da prestación debidamente conformados polos responsables do Servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do Servizo correspondente, nos casos de imputación ó Orzamento do exercicio corrente, de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

d) Informe do Servizo correspondente, cando non exista dotación no Orzamento inicial, sobre da tramitación da modificación de crédito necesaria.

e) Informe do Servizo de Contratación e Fomento.

f) Informe da Intervención Xeral.

g) Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.

2. Validacións:

Poderá ser obxecto de validación, cos mesmos requisitos e formación do expediente indicados no apartado anterior, os gastos realizados no exercicio corrente prescindindo do procedemento establecido, tanto en relación coa súa tramitación administrativa como cos aspectos orzamentarios da execución do gasto. A competencia para a validación de gastos corresponde á Xunta de Goberno e as correspondentes propostas de acordo detallarán individualmente, no seu caso, as diferentes propostas de gasto cuxa validación se propón. Dita validación é de aplicación ata a entrada en vigor do artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspón ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP 2017), en canto afecte a prestacións contractuais extemporáneas.

3. No suposto de omisión de fiscalización previa:

Nos supostos nos que a función interventora fora preceptiva e se tivera omitido, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos seguintes termos: Se o órgano Interventor ó coñecer dun expediente observara omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciara o expediente e emitirá ó mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta. Este Informe, que non terá natureza de fiscalización, porá de manifesto, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, cando menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ó que se imputa.

b) Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, se produciron no momento no que se adoptou o acordo o acto con omisión

da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais incumpridos.

c) Constatación de que as prestacións efectivamente se levaron a cabo e de que o seu prezo se axusta ó prezo de mercado, para o cal se terán en conta as valoracións e xustificantes aportados polo órgano xestor, que haberá de solicitar o asesoramento e informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

d) Comprobación de que existe crédito orzamentaria axeitado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

e) Posibilidade e conveniencia da revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para este fin, terase en conta que o resultado da revisión do acto se materializará acudindo á vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto ó seu favor e de incumprir a obriga ó seu cargo, polo que por razóns de economía procesual, só sería procedente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de ditas indemnizacións sexa inferior ó que se propón.

f) No non previsto nesta Base, será de aplicación básica o contido do artigo 28 do real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

4. O acordo favorable do órgano competente non eximirá da esixencia das responsabilidades a que, no seu caso, houbese lugar.

5. A unidade de Contabilidade na elaboración da memoria da Conta Xeral, informará sobre o número de expedientes que foron tramitados sen control fiscal, abarcando os tramitados por obrigas nadas fora do orzamento (REC), as obrigas nadas dentro do orzamento pero que necesiten a súa validación para convertelas en obrigas de pagamento, e por último as tomas de razón contable derivadas de acordos adoptados sen fiscalización.

6. As unidades xestoras, salvo acreditación contraria, serán responsables da tramitación de gastos sen suxeición ós requisitos que en cada caso establece o ordenamento xurídico.

BASE 21^a: GASTOS DE REPRESENTACIÓN E PROTOCOLO

1. Considéranse gastos de protocolo e representación imputables á aplicación orzamentaria de atencións protocolarias e representativas aqueles que, redundando no beneficio ou utilidade da Administración, as autoridades ou o persoal teñan necesidade de facer no desempeño das súas funcións.

2. Todos os gastos imputables á devandita aplicación orzamentaria de atencións protocolarias e representativas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que se produzan como consecuencia de actos de protocolo ou representación.
- b) Que redunden en beneficio ou utilidade da Administración.

3. Todos os gastos deberán acreditarse con facturas ou outros xustificantes orixinais, formando a conta xustificativa cunha explicación sucinta, conxunta ou individual, subscribida polo órgano xestor do gasto, da que se deduza ou conteña expresión de que o gasto se produce como consecuencia de actos de protocolo ou de representación. Esta explicación poderá constar no xustificante de pagamento.

4. Os gastos propostos polos órganos de representación sindical, no exercicio das súas competencias poderán ser aplicados ó Orzamento, en función da súa natureza de gasto social ou de funcionamento.

BASE 22^a: CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS

Na súa función de Caixa Xeral de Depósitos, poderán constituírse na Tesouraría Provincial depósitos a disposición de terceiros, mesmo por parte doutras Administracións ou entes participados, como consecuencia de:

- a) O procedemento de expropiación forzosa previsto nos artigos 51.3 e 58 do Decreto de 26 de abril de 1957, que aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.
- b) O procedemento de alleamento de bens embargados, previsto nos artigos 43, 104 e 119, do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.
- c) Calquera outro suposto que por Lei, disposición regulamentaria, acto administrativo ou resolución xudicial se determinen.

En calquera caso, será de aplicación supletoria o disposto no Real Decreto 161/1997 de 7 de febreiro de 1997, de tal xeito que as referencias que no mesmo se realizan á Administración Xeral do Estado e demais órganos, enténdense referidas, nos casos que proceda, á Deputación.

BASE 23^a: PROVISIÓN DE FONDOS

As provisións de fondos realizaranse sobre a base dunha resolución do Presidente, e terán carácter extraorzamentario con cargo ó concepto establecido para este efecto pola Intervención.

Cando o interesado de que se trate, remita a correspondente factura de honorarios, o servizo ou unidade administrativa responsable do gasto realizará a tramitación para a súa aprobación con cargo ó Orzamento do exercicio no que se reciba polo importe total da factura, debendo indicar expresamente a retención a efectuar á provisión de fondos, cuxa contía aplicarase á cancelación do devandito anticipo non orzamentario.

BASE 24ª: SUBVENCIONES

1. Ámbito de aplicación:

As subvencions que se outorguen pola Deputación, Organismos Públicos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes daquela, regularanse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions (en adiante LXS), no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS (en adiante RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencions de Galicia (en adiante LSG), e na Ordenanza Xeral de Subvencions da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP de 13 de xullo de 2006 (en adiante OXS), aplicándose as presentes disposicións en defecto de regulación específica.

Non obstante o anterior, a presente base será de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria e será o marco para as Bases de concesión das subvencions, de acordo co artigo 17.2. da LXS.

2. Plan Estratéxico de Subvencions:

As propostas de establecemento de subvencions, deberan estar incluídas no Plan Estratéxico de subvencions no que se concretan os seus obxectivos e efectos, prazo para a súa consecución, custos previsibles e fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ó cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e ós créditos aprobados no Orzamento xeral.

3. Principios xerais:

A xestión e concesión de subvencions deberá realizarse de acordo ós principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Concesión directa: As subvencions poderán outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos:

- Cando estean consignadas nominativamente no Orzamento inicial ou nas súas modificacións, sen que iso supoña ningún dereito subxectivo.
- Cando así estea previsto nunha norma con rango legal.
- As subvencions para remediar situacións de emerxencia ou de urxencia cando estas situacións sexan incompatibles co trámite de publicidade.
- As que se puidesen outorgar co fundamento en convenios ou decisións específicas subscritos entre a Deputación e outras Administracións públicas ou entes e institucións de todo tipo.

- Con carácter excepcional aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

4. Órganos competentes:

Nominativas: O órgano competente para a súa concesión é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.

En concorrencia: O órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno a proposta do Delegado correspondente. A convocatoria será subscrita polo Ilmo. Sr. Presidente. O órgano competente para acordar a concesión das devanditas subvencións é a Xunta de Goberno. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente, agás as delegadas na Xunta de Goberno por Decreto de 16.08.2017, e as que no futuro se deleguen.

Concesión directa: O órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondentes sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.

A autorización e disposición do gasto entenderase aprobada polo acordo ou resolución de concesión. O recoñecemento e liquidación da obriga polo acordo ou resolución de aprobación da xustificación. A ordenación do pagamento pola resolución ou acordo do Ilmo. Sr. Presidente.

5. Aprobación da xustificación:

Os documentos que conformen a conta xustificativa e tralo informe do órgano de xestión correspondente deberán remitirse a Intervención Xeral para a súa fiscalización.

Esta xustificación, unha vez fiscalizada, deberá ser aprobada polo órgano competente arquivándose polo servizo xestor e uníndose á orde de pago a documentación xustificativa.

Para os efectos do Art. 73.1 do RLXS, salvo disposición en contra nas bases ou acordos, o órgano de xestión poderá admitir como medio de xustificación as copias compulsadas conforme a dereito.

Para os efectos do artigo 21 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as fotocopias dilixenciadas polo servizo responsable da subvención adquiren validez suficiente ós efectos da xustificación da subvención.

6. Control financeiro:

O control financeiro que se realice rexerese con carácter xeral pola LXS e as súas normas de desenvolvemento.

De conformidade co disposto na Disposición Adicional Cuarta da LXS, a Corporación poderá solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría para a realización de controis financeiros das subvencións que se concederan, nos termos previstos na Lei Xeral Orzamentaria.

7. Salvo reserva expresa en contra e cando fose posible, a Deputación, a través do órgano de xestión competente, poderá solicitar no nome dos beneficiarios as xustificacións referidas no artigo 13 da LXS, para o caso daqueles que non as presentasen. Ós efectos do artigo 13.2.e) de dita lei, entenderase que os Concellos e demais entes locais cumpren este requisito respecto das súas eventuais débedas tributarias coa Deputación, se se iniciou o procedemento de compensación das mesmas. De non chegar a súa tramitación a bo fin polo importe do adebedado, suspenderase o abono da subvención entre tanto non se extinga a débeda en cuestión.

8. Poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito. Os servizos ou centros xestores que tramitasen a concesión dunha subvención, cuxos fondos fosen anticipados, serán os responsables de esixir a xustificación destes, e cando o dito requirimento non fose total ou parcialmente atendido polo beneficiario, deberán tramitar o correspondente expediente de reintegro, de conformidade co previsto no Título II de la LXS.

9. Os Concellos e demais entidades públicas, poderán xustificar as subvencións que se refiran a estes, por certificados expedidos polos seus órganos competentes, quedando a disposición da Deputación a documentación que lle sirva de base. No suposto de que os Concellos non puidesen acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, a Deputación tramitará un expediente no que valorará o alcance destas circunstancias, garantías e compromisos, co obxecto de determinar cal será a resolución procedente, baixo o criterio preeminente da defensa da administración local.

As peticións dos devanditos levarán implícita, salvo vontade en contra de calquera das partes, a petición da concesión do anticipo da subvención, sen achega de garantía.

Para os efectos do Art. 31.2 da LXS, e en relación dos devanditos entes, presúmase e considerarase para os efectos da súa xustificación, salvo disposición en contra nos acordos ou bases de concesión, que os gastos realizados foron efectivamente pagados dentro do prazo concedido para a súa xustificación.

Para os efectos do Art. 31, apartados 3.a 5. da LXS, e para as entidades suxeitas á Lei de Contratos, presúmese que os gastos que se subvencionan contrátanse conforme a dereito e que a adquisición, construción, rehabilitación e mellora dos bens inventariables, respecta tamén a lexislación patrimonial pública. Polo tanto, as obrigas formais de xustificación esixibles, serán as que se deriven dos acordos e das bases de concesión ou dos convenios.

Para os efectos do Art. 31, apartados 4 e 5 da LXS, e para asociacións sen ánimo de lucro, e agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, sen personalidade xurídica, cando o obxecto da actividade sexa sobre un ben público, as obrigas formais de xustificacións esixibles, serán as que se deriven dos acordos e das bases de concesión ou dos convenios.

10. A concorrencia ós procesos de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ó tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación, de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, agás que as bases especifiquen outra cousa.

Salvo que se dispoña o contrario nas bases de concesión ou nos acordos, entenderase que procede como modalidade de xustificación a conta xustificativa do Art. 75 do RLXS, nos supostos de contía inferior a 60.000,00 €.

Para os efectos do Art. 75.3. do RLXS, de non establecerse outros procedementos nas bases ou acordos, as subvencións en réxime de concorrencia competitiva e as de concesión directa, poderán ser obxecto de comprobación aplicando técnicas de mostraxe conformes coas Normas de Auditoría do Sector Público. Esta comprobación anual, farase preferentemente con ocasión da realización do Plan a que se refire o Art. 85 do RLXS.

11. Os órganos de xestión velarán por dar publicidade ás subvencións concedidas nos termos previstos no artigo 18 da LXS.

12. En relación co artigo 30.3. da LXS, o órgano xestor terá que estampar os documentos que achegue o beneficiario, de tal xeito que quede constancia que a actividade foi subvencionada, salvo que se dispoña o contrario nas bases ou acordos de concesión.

13. As bolsas concedidas a estudantes e licenciados a fin de completar a súa formación teórico-práctica, rexeranse polo disposto no acordo da súa concesión.

14. Para os efectos do Art. 24.5 do RLXS, a Xunta de Goberno poderá aprobar singularmente ou con carácter xeral, os supostos nos que procedan as simplificacións a que alude ese artigo.

15. As simplificacións de procedemento que se contemplan nestas Bases, ditas para axilizar a tramitación dos expedientes e de adaptarse ás peculiaridades da Administración Local, non obstan a que por parte dos interesados se cumpra a normativa en vigor na súa integridade, coas responsabilidades que puidesen resultar cando co-rresponda. Para este efecto, e de acordo co Artigo 85. RLXS (“Comprobación da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determinen a concesión e o dereito a percibir a subvención.”) o órgano concedente da subvención poderá elaborar anualmente un plan anual de actuación para comprobar a realización polos beneficiarios das actividades subvencionadas. No citado plano deberá indicarse se a obriga de comprobación alcanza á totalidade das subvencións ou ben a unha mostra das concedidas e, neste último caso, á súa forma de selección. Tamén deberá conter os principais aspectos a comprobar e o momento da súa realización.

16. Para cesións de crédito en materia de subvencións estarase ó disposto, por analogía, na Base número 10.

CAPÍTULO TERCEIRO. NORMAS REGULADORAS DE DETERMINADOS INGRESOS

BASE 25ª: OPERACIÓNS FINANCEIRAS

1. Para os efectos previstos no artigo 52 del TRLRFL, entenderanse vinculadas á xestión do Orzamento as operacións de crédito que se puidesen concertar, unha vez teñan constancia orzamentaria. Estas operacións están excluídas da Lei de Contratos do Sector Público, artigo 4.1.I.

Para dar cumprimento ós principios de publicidade e concorrência, a súa concertación realizarase de acordo co procedemento que a continuación se expresa:

- Solicitud da Presidencia sobre a concertación da operación e establecendo as condicións desta.
- Remisión da devandita solicitud ás entidades financeiras coas que exista unha maior relación e coincidencia de intereses, en especial ás Caixas de Aforro.
- Análise das ofertas presentadas, adxudicación do contrato por parte do órgano competente e formalización deste, previa as autorizacións legalmente esixibles.

A Deputación poderá avalar a asociacións sen ánimo de lucro coas que subscriba convenios para a xestión de iniciativas ou programas con financiamento comunitario ou outros de interese público.

2. A Deputación poderá conceder préstamos ou créditos a curto ou longo prazo, con ou sen xuros, ós Organismos Autónomos, Fundacións ou Sociedades nos que teña participación. A Deputación poderá conceder anticipos de tesouraría sen xuros ós citados entes polo prazo máximo dun ano. Os anticipos de tesouraría concedidos terán carácter non orzamentario e a súa contía non poderá exceder da contemplada inicialmente nas aplicacións orzamentarias de transferencias anuais a estes.

3. Na súa función de caixa de crédito a curto prazo a Deputación, a través do órgano competente, poderá concertar operacións especiais de tesouraría con entidades financeiras, co obxecto de anticipar a aqueles Concellos respecto dos que teña asumido a recadación dalgún dos seus ingresos, ata o 90 por cento do importe da súa presumible contía.

Estas operacións deberán quedar canceladas antes de rematar cada exercicio e deberán suxeitarse ó disposto no artigo 149.2 do TRLRFL.

En relación ó Art. 52-1 do TRLRFL, considerase que fai, pola presente, a oportuna adaptación das Bases de Execución en relación á aplicación do previsto no art. 4.1.1) da LCSP.

Considérase a figura que aquí se regula como unha operación non orzamentaria.

4. A Deputación, na súa función de caixa de crédito a curto prazo, con suxeición ó disposto no apartado anterior, poderá concertar operacións especiais de tesouraría con entidades financeiras, co fin de conceder con carácter extraordinario anticipos de tesouraría ós municipios, sempre que se acompañe unha garantía que asegure o reintegro nos prazos previstos.

Título IV. FUNCIONES DA TESOURARÍA

CAPÍTULO ÚNICO. FUNCIONES DE TESOURARÍA

BASE 26º: FUNCIONES

A función de Tesouraría exercea o Tesoureiro, quen a realizará por si, ou a través do persoal adscrito á súa dependencia.

A función de Tesouraría comprende:

- a) O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade, de conformidade co establecido polas disposicións vixentes.
- b) A Xefatura dos Servizos da Recadación.

Para estes efectos, o Tesoureiro será substituído nos casos de ausencia ou enfermidade, automaticamente e sen máis trámite, en calquera caso e órgano, pola xefa de Sección de Tesourería en relación a función a), e polo xefe do Servizo de Recadación en relación a función b), e no seu defecto, a persoa de maior nivel xerárquico e antigüidade dependente destes.

Corresponde á Delegada de Economía e Facenda marcar as directrices xerais e particulares para a organización da custodia de fondos, valores e efectos para as consignacións en bancos, caixa xeral de depósitos e establecementos análogos, e para a formación dos plans e programas da Tesouraría que serán aprobados, en todo caso, pola Presidencia.

BASE 27º: REALIZACIÓN DE COBRAMENTOS

Os ingresos serán realizados mediante cheques conformados ou cheques bancarios estendidos en ambos casos a nome da Corporación. Os cheques ingresaranse nas contas abertas a nome da Corporación e nas entidades financeiras, e deberán ser asinados polo Tesoureiro coa indicación expresa do número de conta e a entidade na que deberán ser ingresados para a súa compensación.

Na Tesouraría levarase un Libro Auxiliar de Rexistro de Cheques Recibidos onde se anotarán estes, indicando data de ingreso, número de cheque, entidade financeira librada, importe e procedencia.

Os ingresos tamén poden ser recibidos por transferencia bancaria ou en diñeiro en efectivo.

Non se practicará liquidación por calesqueira ingresos públicos, propios e delegados, cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior á que se estableza por Resolución da Presidencia, previo informe da Tesourería e Intervención.

Os criterios para fixar ditas cantidades serán os seguintes:

- a) O custo previsible da xestión recadatoria en relación co importe a cobrar, sempre e cando tal renuncia non prexudique a imaxe da Deputación.
- b) O principio de proporcionalidade.

Os ingresos que se produzan nas contas da Deputación, que teñan a súa causa nun erro notorio da entidade bancaria relativo a que o número de conta foi ordenado

incorrectamente, retrotraeranse previa petición da entidade, na que se acredite tal circunstancia, correspondente á Tesouraría a súa apreciación

BASE 28º: REALIZACIÓN DE PAGAMENTOS

Realizaranse, preferentemente, por medio de transferencia bancaria.

No caso de pagamentos a persoas físicas ou xurídicas, como pagamento de subvencións concedidas a estas ou por débedas derivadas do procedemento de expropiación forzosa requirirase documentación bancaria acreditativa da devandita titularidade.

En todos os casos verificarase, antes de que se satisfaga a débeda ó acredor da Entidade Local, que se realiza a favor do perceptor e polo importe establecido na orde correspondente.

Autorizacións a favor de terceiras persoas:

Os acredores por contía ata 4.000,00 € poderán outorgar autorización a favor de terceira persoa para que, no seu nome, perciba a cantidade. A autorización conterá:

- a) No caso de que o acredor sexa persoa física, o nome, apelidos e domicilio, tanto do acredor como do autorizado, con reseña dos respectivos DNI e expresión da cantidade e concepto a percibir. Esta autorización estará debidamente asinada polo acredor e achegará fotocopia do seu DNI.
- b) No caso de que o acredor sexa persoa xurídica, nome, CIF e domicilio social do acredor; nome, apelidos e DNI da persoa física que expide a autorización con indicación do cargo que desempeñe na entidade xurídica, así como nome, apelidos, domicilio e número do DNI do autorizado; do mesmo xeito consignarase a cantidade e o concepto a percibir. Esta autorización estará debidamente asinada e selada pola persoa da entidade xurídica que a expidise e que será competente para isto, e achegará fotocopia do DNI desta.
- c) No caso de que o acredor sexa persoa xurídica con administrador único ou administradores con poder suficiente, poderá ser percibido por estes, acreditando tal circunstancia mediante a exhibición e retirada do correspondente título público debidamente verificado pola Vicesecretaría da Entidade.

BASE 29º: ARQUEOS

1. Arqueo mensual: Conformado polos claveiros da Entidade efectuarase o último día do mes reflectindo os movementos de fondos, valores e efectos da entidade na Caixa da Corporación e nas entidades financeiras.

2. Arqueo extraordinario: A efectuar polo cambio de Corporación, dalgún dos claveiros, a petición de calquera deles ou por calquera outro motivo extraordinario, elaborado coas mesmas formalidades que as levadas a cabo no arqueo mensual.

BASE 30º: APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

A concesión de aprazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos Provinciais corresponderalle ó Presidente da Deputación.

Ó citado órgano corresponderalle a dispensa de garantías nos supostos previstos no artigo 50 do Regulamento Xeral de Recadación, e nos de suspensión do procedemento recadatorio a que se refire o artigo 14 do TRLRFL, todo isto de acordo cos criterios e procedemento que aprrobe a Xunta de Goberno, logo do informe da Tesouraría.

Título V. CONTABILIDADE

CAPÍTULO ÚNICO. CONTABILIDADE

BASE 31º: REGRAS XERAIS

1. O modelo contable de aplicación está constituído polas normas da Instrución do modelo normal de contabilidade local aprobada pola Orde FAP/1781/2013, do 20 de setembro. A contabilidade axustarase ó Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, aplicando os principios contables e normas de valoración recollidas nel.

2. Normas da Consolidación de Contas:

2.1. Para efectuar a consolidación do orzamento da propia entidade co da sociedade mercantil, estarase con carácter xeral ó seguinte procedemento:

- A) Deberán harmonizarse, se fose o caso, os Estados de Previsión da Sociedade Mercantil co orzamento da propia entidade.
- B) A consolidación dos ingresos e gastos da entidade e da sociedade mercantil, efectuarase segundo o modelo da estrutura orzamentaria establecida pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro e a Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.
- C) Deberán efectuarse as eliminacións das operacións internas: transferencias correntes e de capital, subvencións correntes e de capital e outros gastos e ingresos que teñan orixe e aplicación entre os estados que son obxecto de consolidación.

2.2. A consolidación do orzamentos farase a nivel de capítulo e a nivel de grupo de programa.

2.3. A consolidación dos estados de liquidación, que se elaborará no momento da formación da Conta Xeral, farase a nivel de capítulo e a nivel de grupo de programa.

2.4. Nos Estados e Contas Anuais, tamén serán obxecto de consolidación o Balance, a Conta de Resultados Económico-Patrimonial, o Estado de Cambios no Patrimonio Neto e o Estado de Fluxos de Efectivo.

3. O Presidente da Deputación, por proposta da Intervención, poderá determinar os estados informativos e os rexistros contables que se consideren necesarios ou convenientes para o axeitado control e verificación das operacións realizadas con transcendencia económica, financeira ou patrimonial.

Darase conta ó Pleno con periodicidade trimestral da información con transcendencia económica, financeira ou patrimonial.

BASE 32º: REGLAS PARTICULARES

1. Os criterios para a amortización dos elementos do inmovilizado son o método lineal e vida útil estimada a seguinte:

Construcións	50 anos
Maquinaria	10 anos
Instalacións técnicas	8 anos
Ferramenta	3 anos
Elementos de transporte	6 anos
Mobiliario	7 anos
Equipos para procesos de información	4 anos
Outro inmovilizado material	5 anos
Inmovilizado inmaterial	10 anos

O valor residual considérase non significativo, polo que segundo o principio de importancia relativa, non se terá en conta para a determinación da base de cálculo sobre a que se efectúa a amortización.

2. Os criterios para calcular os dereitos de cobro de dubidosa ou imposible recadación serán os determinados polo Presidente da Corporación a proposta da Intervención Xeral, e serán incluídos na resolución da aprobación da Liquidación do Orzamento, cos límites mínimos establecidos no artigo 193 bis do TRLRFL.

3. As sociedades mercantís, consorcios, fundacións, e outros entes considerados dependentes da Deputación de Lugo en termos de contabilidade nacional deberán remitir á Intervención a informacións necesaria para dar cumprimento ós requirimentos de información que a normativa establece e en especial ó previsto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e á Orde

HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na dita Lei.

BASE 33º: REMANENTE DE TESOURARÍA

O remanente de Tesouraría da Deputación Provincial estará integrado polos dereitos pendentes de cobramento, as obrigas pendentes de pagamento e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio.

O remanente de Tesouraría dispoñible para financiar gastos xerais será o que resulte despois de practicar a dedución dos dereitos de cobramento de difícil ou imposible recadación, e o exceso de financiamento finalista producido nos gastos con financiamento afectado.

O importe do Remanente de Tesouraría dispoñible para o financiamento de gastos xerais destinarase, prioritariamente e pola orde que se indica, ós seguintes fins:

- A financiar a achega provincial necesaria para a obrigatoria incorporación dos remanentes de crédito de gastos con financiamento afectado.
- A permitir a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes a gastos legalmente comprometidos a través do oportuno expediente de incorporación de Remanentes de crédito.
- Incorporación de remanentes correspondentes a gastos autorizados de carácter incorporable.
- Incorporación de remanentes relativos a gastos retidos pendentes de autorización de carácter incorporable.
- Incorporación de remanentes relativos a créditos dispoñibles de carácter incorporable.
- A financiar a execución no exercicio 2019 dos gastos legalmente autorizados ou comprometidos en exercicios anteriores que non sexan incorporables conforme ás normas orzamentarias de xeral aplicación e que requiran de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.
- A permitir a total imputación orzamentaria de posibles pagamentos pendentes de aplicación, non orzamentarios e dos importes que excepcionalmente puidesen figurar no Balance a 31 de decembro na conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento", se non estivesen previstos ou fosen insuficientes os considerados no Orzamento do exercicio 2019.
- A financiar expedientes de modificación de crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

En todo caso, aplicarase a reducir o endebedamento neto conforme ó artigo 32 e 12.5 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

BASE 34º: MODIFICACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS DE EJERCICIOS ANTERIORES

1. Modificación de dereitos e obrigas de exercicios anteriores: As baixas que se produzan no exercicio, relativas a dereitos e obrigas de exercicios pechados, tramitaranse de acordo coa súa normativa específica. Ás anulacións de liquidacións, insolvencias, prescrición e demais motivos de baixa de dereitos recoñecidos seranlles de aplicación os seguintes preceptos:

- Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Regulamento Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo.
- Instrucións e Circulares da Presidencia da Deputación.

Cando sexa preciso modificar os saldos iniciais de dereitos pendentes de cobramento e obrigas pendentes de pagamento, a causa de erros ou omisións na información contable e orzamentaria, co fin de garantir que a contabilidade reflicta a imaxe fiel da situación financeira e patrimonial da Deputación e garantir a permanente concordancia entre a información contable e a derivada doutros Servizos Provinciais, tramitarase o oportuno expediente no que, logo do informe de Intervención, a aprobación definitiva da modificación ou modificacións que se propoñan corresponderalle ó Presidente da Deputación.

2. Prescrición de obrigas: Salvo o establecido por leis especiais, prescribirá ós catro anos:

- a) O dereito ao recoñecemento de toda obriga que non se requirise documental-mente. O prazo contarse dende que concluíu a prestación do servizo ou se realizou a entrega do ben que deu orixe á obriga.
- b) O dereito ao pagamento das obrigas xa recoñecidas se non fose reclamado polos acredores lexítimos ou polo seus dereitohabientes. O prazo contarase dende a data de recoñecemento da obriga.

As obrigas recoñecidas pola Deputación que prescribisen, daranse de baixa na Contabilidade previa tramitación do oportuno expediente cuxa iniciación corresponderá ao Servizo de Contabilidade e ao Presidente a súa aprobación.

Título VI. FISCALIZACIÓN

CAPÍTULO ÚNICO. FISCALIZACIÓN

BASE 35º: EJERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA

1. O control interno da xestión económica desta Entidade, relativo á función interventora, exerceo a Interventora Xeral, quen realizará a súa misión por si, ou a través do persoal adscrito á súa dependencia.

2. Para estes efectos, a Interventora Xeral pode ser substituída nos casos de ausencia ou enfermidade, sen máis trámite e en calquera caso e órganos, polo Interventor/a adxunto, a Xefa do Servizo de Fiscalización ou o Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, e de non ser estes, persoal da Intervención ou da Oficina de xestión económica ou órganos de similar competencia no caso dos entes dependentes, co título de licenciado ou diplomado, por esta orde e en función do seu maior nivel xerárquico.

3. A función de control financeiro desenvolverase baixo a dirección da Intervención, podendo auxiliarse cando sexa preciso con auditores externos. Especialmente, poderase solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría para o control financeiro das subvencións que conceda a Deputación e os seus entes dependentes.

4. En relación ás Sociedades Mercantís que dependan da entidade local, a inspección a que se refire o Art. 204-2 do TRLRFL e as funcións de control interno a que se refire o Art. 213 do mesmo texto legal, serán exercidas pola Intervención directamente ou a través de empresas de auditoría contratadas para este fin. Cando de acordo coa normativa en vigor, as sociedades participadas que estean obrigadas á auditoría de contas, ou demais entes dependentes que potestativamente as realizasen, a Intervención poderá remitirse a aquelas co obxecto de dar por cumprida a súa función de control e inspección.

Sen prexuízo das funcións que lles correspondan de acordo coa normativa en vigor, os funcionarios da Deputación poderán, se é o caso, desempeñar cargos representativos nos entes e sociedades nos que a Deputación teña intereses ou unha participación total ou parcial.

5. Segundo RD 424/2017, artigo 20, establece a intervención da comprobación material da inversión cando o importe de esta sexa igual ou superior a 50.000,00 €, con exclusión do IVE, da obra, servizo o adquisición de que se trate. O órgano xestor solicitara a asistencia do órgano interventor cunha antelación de vinte días a data prevista para a recepción da inversión. Non obstante, segundo a disposición adicional terceira da LCSP 2017, o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores, no exercicio da función de fiscalización material dos investimentos que exige o artigo 214.2.d) do TRLRFL. Poderá estar asistido de un técnico especializado no obxecto do contrato, diferente do director da obra e do responsable do contrato.

6. Para os efectos do artigo 218 do TRLRFL, os informes poderán ser elevados ó Pleno con ocasión da tramitación e aprobación da Conta xeral ou coa dación de conta da liquidación, como punto independente na orde do día do Pleno.

BASE 36º: ALCANCE DA FISCALIZACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

O réxime de fiscalización e reparos será o previsto no TRLRFL, arts. 213–223, e o RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local con entrada en vigor o 1 de xullo de 2018, e demais normas de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 219.2 do TRLRFL e artigo 13 do RD 424/2017, establécese o sistema de fiscalización e intervención limitada previa en réxime de requisitos básicos e adicionais, co alcance que máis abaixo se especifica, sendo de aplicación a Resolución de 2 de xuño de 2008 da Intervención Xeral da Administración do Estado (en adiante IGAE), pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, modificado por Resolución de 22 de abril de 2010 da IGAE pola que se publica a modificación do Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, modificado por Resolución de 4 de xullo de 2011 da IGAE, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo de 2011, modificado por resolución do 25 de xullo de 2018, polo que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 20 de xullo de 2018, naqueles supostos que sexan de aplicación ás Entidades Locais, ou as normas que a substitúan, tendo a consideración de esenciais tanto os requisitos básicos como os adicionais:

1. GASTOS:

1.1. Extremos de general comprobación:

- a) Existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o axeitado á natureza do gasto e a obriga que se propoña contraer.
Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigas a contraer ou nadas e non prescritas a cargo da Tesourería da Entidade, cumprindo os requisitos dos artigos 172 e 176 do TRLRFL.
- b) Nos casos nos que ó crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiación afectada, que os recursos que os financian son executivos, acreditándoos coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
- c) Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gastos de tramitación anticipada comprobarase, ademais, que se cumpre o disposto na base 18 de Execución do Orzamento.
- d) Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, que se cumpren os requisitos do artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL e o disposto na Base 19 de Execución do Orzamento.

- e) Aos efectos do disposto na DA 3^a.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, LCSP, considérase que a proposta cumpre os requisitos do artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en tanto non existe informe que poña de manifesto un incumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- f) Que os gastos ou obrigacións propóñense ao órgano competente para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación. Comprobarase, en todo caso, a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención cando o dito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.
- g) Existe informe-proposta do xefe da dependencia ou órgano xestor.
- h) Que os expedientes de compromiso de gasto responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente.
- i) Que nos expedientes de recoñecemento de obrigacións: Que os mesmos responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento deba facerse simultaneamente. Que os documentos xustificativos do recoñecemento da obrigación se axústan á norma de aplicación e identifican ao acredor, o importe e a prestación ou outra causa do recoñecemento.
No caso de que haxa designación de Interventor/a para a comprobación material dun investimento, que se produciu a intervención da citada comprobación material do investimento e o seu carácter favorable, sen prexuízo do disposto en distintos puntos do Acordo do Consello de Ministros, nos casos en que resulte de aplicación o segundo parágrafo do artigo 198.2 da Lei de Contratos do Sector Público e non chegase o momento de efectuar a correspondente comprobación material do investimento.

Estes puntos serán obxecto de fiscalización e intervención en toda clase de expedientes sobre propostas de gastos en xeral, sen prexuízo dos que a continuación se detallan en función da distinta natureza dos expedientes.

1.2. Outras consideracións

- a) Cando dos informes preceptivos ós que se fai referencia nos diferentes apartados desta base se deducise que se omitiron requisitos ou trámites que sexan esenciais, ou que a continuación da xestión administrativa puidera causar quebrantos económicos, procederase ó exame exhaustivo do documento ou documentos obxecto do informe e se, a xuízo de intervención, danse as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ó preceptuado no artigo 215 do TRLRFL e artigo 14 do RD 424/2017.
En relación do disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, sobre os reparos que suspenden a tramitación do expediente, considéranse requisitos o trámites esenciais os seguintes:

- Os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno.
- b) Nos expedientes de recoñecemento de obrigas deberá comprobarse que responden a gastos aprobados e comprometidos, e se é o caso fiscalizados ou a sentenzas xudiciais firmes.
 - c) Non obstante o exposto, a Intervención poderá formular as observacións e accións complementarias, especialmente as contempladas no Art. 222. do TRLRFL, que estime convenientes sobre aqueles extremos cuxa comprobación non sexa obrigatoria, sen que estas teñan, en ningún caso, efecto suspensorios na tramitación dos expedientes. Respecto a estas observacións non procederá a formulación de discrepancias. Se no exercicio das facultades do dito artigo as súas peticións non fosen atendidas, deixarase constancia no expediente, continuando a súa tramitación, salvo que se refiran a supostos dos contemplados no apartado a).

1.3. Extremos adicionais:

1.3.1. PERSOAL

1.3.1.1. Proposta de contratación de persoal laboral fixo:

- a) Incorporación do certificado acreditativo, expedido polo órgano competente, de que os postos a cubrir figuran detallados nas respectivas relacións ou catálogos de postos de traballo e están vacantes.
- b) Cumprir o requisito de publicidade das correspondentes convocatorias nos termos establecidos pola normativa que en cada caso resulte de aplicación.
- c) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo órgano competente.
- d) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.
- e) Que as retribucións que se sinalan no contrato axústante ó convenio colectivo que sexa de aplicación e, se se trata dun contrato á marxe do convenio que consta no expediente a xustificación deste.

1.3.1.2. Proposta de contratación de persoal laboral temporal:

- a) Cumprir os criterios de selección establecidos polo Presidente nos termos previstos no artigo 35 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo.
- b) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo órgano competente.
- c) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.
- d) No suposto de contratación de persoal con cargo ós créditos de investimentos, verificarase a existencia do informe do responsable do Servizo de Recursos Humanos ou da Secretaría Xeral, sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.

- e) Que as retribucións que se sinalan no contrato se axusten ó convenio colectivo que resulte de aplicación e, si se trata dun contrato á marxe do convenio que consta no expediente a xustificación do mesmo.
- f) Que a contratación cumpre coas limitacións que en cada caso impoña a Lei de orzamentos xerais do Estado e outra normativa que lle sexa aplicable.

1.3.1.3. Proposta de contratación de persoal laboral temporal a través dun plan de contratación:

- a) No suposto de contratación de persoal con cargo a créditos de investimentos verificarase a existencia do informe do responsable do Servizo de Recursos Humanos ou da Secretaría Xeral sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.
- b) Que as retribucións que se indiquen no contrato axústanse ao convenio colectivo que resulte de aplicación e, si se trata dun contrato a marxe do convenio, que consta no expediente a xustificación deste.
- c) Que o contrato celebrado a través dun Plan de contratación adecúase ó disposto na normativa vixente.
- d) Que o Plan de contratación contén unha descrición do proceso selectivo que se seguirá na súa aplicación.
- e) Que a contratación cumpre coas limitacións que en cada caso impoña a Lei de Orzamentos Xerais do Estado e outra normativa que lle sexa de aplicación.

1.3.1.4. Prórroga dos contratos laborais:

- a) Que a duración do contrato non supera o prazo previsto na lexislación vixente.

1.3.1.5. Proposta de contratación de funcionarios interinos:

- a) Cúmpanse os criterios de selección establecidos polo Presidente nos termos previstos no artigo 27 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo.
- b) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo órgano competente.
- c) Que o nomeamento do funcionario interino responda a algunha das modalidades previstas no artigo 10 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, nos supostos de interinos sen praza.
- d) Adecuación da toma de posesión que se formaliza co disposto na normativa vixente.
- e) No suposto de contratación de persoal con cargo ós créditos de investimentos, verificación da existencia do informe do responsable do Servizo de Recursos Humanos ou da Secretaría Xeral, sobre a modalidade de contratación temporal utili-

zada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.

- f) As retribucións se axustan ó acordo marco único que resulte de aplicación.
- g) Que as interinaxes cumpran coas limitacións que en cada caso impoña a Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra normativa que lle sexa aplicable.

1.3.1.6. Nóminas, retribucións e indemnizacións do persoal e membros da deputación:

- a) Que as nóminas están asinadas polo responsable do Servizo de Recursos Humanos e que se propoñen para a súa autorización ao órgano competente.
- b) No caso das de carácter ordinario e as unificadas de período mensual, comprobación aritmética que se realizará efectuado axuste total da nómina co que resulte do mes anterior máis a suma alxébrica das variacións documentadas incluídas na nómina do mes do que se trata (parte de variacións).
- c) Xustificación documental limitada ós seguintes supostos de alta e variación na nómina, co alcance que para cada un deles se indica:
 - Altos cargos: Copia do acordo do nomeamento ou documento no que se indique a data da súa publicación oficial, dilixencia da correspondente toma de posesión e verificación das retribucións.
 - Persoal en réxime estatutario de novo ingreso: Acordo do nomeamento, dilixencia da correspondente toma de posesión e verificación de que as retribucións están de acordo co grupo e o posto de traballo.
 - Membros da Corporación e persoal eventual: Copia dos oportunos acordos dos que traian causa.
 - Laboral de novo ingreso: Copia do Plan ou do expediente de contratación sobre o que se levou a cabo a fiscalización do gasto e do contrato formalizado en todo caso.
 - Laboral temporal: Copia do contrato e adecuación ó convenio colectivo.
 - Extinción da relación: Acreditación da existencia do acordo.
 - Embargos: Acreditación da existencia do acordo e organismo que da a orde, na primeira retención que proceda.
 - Expedientes de recoñecemento de servizos previos, trienios, adscricións temporais e outros: Acreditación da existencia do acordo.
- d) Nas indemnizacións ó persoal por razón do servizo, que existe a orde de saída, a dilixencia de cumprimento e desprazamento, e Resolución aprobatoria. Nas correspondentes a membros da Corporación e asimilados, xustificárase segundo o previsto no Acordo Plenario de 7 de agosto de 2007 e no modelo habilitado para este efecto. Nas asistencias a órganos colexiados e tribunais, certificación do secretario.
- e) As contas da Seguridade Social quedarán xustificadas mediante as liquidacións correspondentes.
- f) As gratificacións, produtividade e outras retribucións variables e indemnizacións de natureza social ou doutro xénero: acreditación da existencia do acordo.

1.3.1.7. Expedientes relativos a contribucións ao plan de pensións dos empregados da entidade local:

- a) Que as nóminas están asinadas polo responsable do Servizo de Recursos Humanos e que se propoñen para a súa autorización ó órgano competente.

1.3.1.8. Indemnizacións do persoal e membros da deputación:

- a) Nas indemnizacións ó persoal por razón do servizo, que existe orde de saída e dilixencia de cumprimento e desprazamento.
- b) Nas correspondentes a membros da Corporación e asimilados, as indemnizacións xustificaranse segundo o previsto no acordo plenario de 7 de agosto de 2007 e no modelo habilitado a este efecto. Nas asistencias a órganos colexiados e tribunais, certificación do Secretario.

1.3.1.9. Gastos do fondo social:

- a) Consta a petición do interesado, informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, informe do Servizo de Recursos Humanos e conformidade do deputado delegado.

1.3.2. RECLAMACIÓNS EN CONCEPTO DE INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUÍZOS, POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL:

- a) Que, de ser o caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- b) Que existe informe do Servizo cuxo funcionamento ocasionou a presunta lesión indemnizable.
- c) Informe xurídico.
- d) Valoración pericial.

1.3.3. EXPROPIACIÓN FORZOSA:

1.3.3.1. Depósitos previos:

- a) Que existe declaración de urxente ocupación dos bens.
- b) Que existe acta previa á ocupación.
- c) Que existe folla de depósito previo á ocupación.

1.3.3.2. Indemnización por rápida ocupación:

- a) Que existe declaración de urxente ocupación dos bens.
- b) Que existe acta previa á ocupación.
- c) Que existe documento de liquidación da indemnización.

1.3.3.3. Nos expedientes de determinación do prezo xusto polos procedementos ordinarios e de mutuo acordo:

- a) Que existe a proposta á que se refire o artigo 25.a) do Decreto de 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa.
- b) Que existe informe dos servizos técnicos correspondentes en relación co valor do ben obxecto da expropiación.

1.3.3.4. Nos expedientes de gasto nos que o prezo xusto fora fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións ou órgano de análoga natureza:

- a) Non se efectuará a comprobación de ningún aspecto adicional.

1.3.3.5. Pagamento de xuros de mora por retraso na determinación do prezo xusto e no pago do mesmo:

- a) Non se efectuará a comprobación de ningún aspecto adicional.

1.3.4. OBRAS EN XERAL

1.3.4.1. Expediente inicial: Aprobación do gasto:

- a) Orde de iniciación do procedemento motivando a necesidade do contrato.
- b) Informe de necesidade do Servizo que promove a contratación.
- c) Que existe proxecto informado pola oficina ou unidade de supervisión de Proxectos, ou polos servizos técnicos correspondentes no seu defecto, se procede. Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e non resulte procedente pola razón da contía, que ó expediente se incorpora pronunciamento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- d) Que existe prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, documento descritivo, informado pola Secretaría Xeral.
- e) Cando se utilice modelo de prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato para celebrar é de natureza análoga ao informado pola Secretaría Xeral.
- f) Que existe acta de planeamento previo.
- g) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato; que cando se utilice un único criterio, este estea relacionado cos custos, de acordo co artigo 146.1 da LCSP; se o único criterio a considerar é o prezo, verificarase que este sexa o do prezo máis baixo; e nos casos en que figuren unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establezan con arranxo a criterios económicos e cualitativos.

Nos casos en que o procedemento de adxudicación proposto sexa o de diálogo competitivo verificarase así mesmo que na selección da mellor oferta tómasse en consideración máis dun criterio de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

- h) Cando estea prevista a utilización de varios criterios de adxudicación ou dun único criterio distinto do prezo, que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas.
- i) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo prevexa, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor presentarse en sobre ou arquivo electrónico independente do resto da proposición.
- j) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece polo menos una das condicións especiais de execución que se enumeran no artigo 202.2 da LCSP e a obrigaón do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio colectivo sectorial de aplicación.
- k) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, comprobar que se cumpren as condicións previstas no artigo 159.1 da LCSP. No caso de que este procedemento se tramite segundo o previsto no artigo 159.6 da devandita Lei, verificarase que non se supera o valor estimado fixado no devandito apartado e que entre os criterios de adxudicación non hai ningún avaliable mediante xuízos de valor.
- l) Cando se propoña como procedemento de adxudicación un procedemento con negociación, comprobar que concorre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da LCSP para utilizar o devandito procedemento.
- m) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da LCSP; e, no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento descritivo se fixa a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito.
- n) Cando estea previsto no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da LCSP, verificar que a porcentaxe prevista non é superior ao 20 por 100 do prezo inicial; e que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- ñ) Cando estea previsto no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se baseen en modificacións referidas ao prezo e, no seu caso, a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

1.3.4.2. Expediente inicial: Comproiso do gasto. Adxudicación:

- a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa, que existe decisión motivada do órgano de contratación respecto diso.

- b) Cando se declare a existencia de ofertas incursas en presunción de anormalidade, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores que as presentasen e do informe do servizo técnico correspondente.
- c) Cando se utilice un procedemento con negociación, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas, das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento e das vantaxes obtidas na negociación, de conformidade co disposto na LCSP.
- d) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da LCSP, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.
- e) Que se acredita a constitución da garantía definitiva, salvo no caso previsto no artigo 159.6 da LCSP.
- f) Que se acredita que o licitador que se propón como adxudicatario presentou a documentación xustificativa das circunstancias a que se refiren as letras a) a c) do artigo 140.1 da LCSP que procedan, incluíndo no seu caso a daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra; ou ben, que se acredita a verificación dalgunha ou todas esas circunstancias mediante certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou da correspondente base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, coas dúas seguintes excepcións, no procedemento aberto simplificado tramitado conforme ao artigo 159.4 da devandita Lei, no que só se examinará que se achegou o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da Lei e no procedemento abreviado tramitado conforme ao artigo 159.6 da Lei cando se constituíu a Mesa, no que non procederá a aplicación deste extremo.
- g) Acreditación de que o licitador que se propón como adxudicatario está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- h) Conformidade, cando proceda, da clasificación concedida ó contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares

1.3.4.3. Expediente inicial: Compromiso do gasto. Formalización:

- a) No seu caso, que se acompaña certificado do órgano de contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos, ou ben, certificado de non acordarse medida cautelar que suspenda o procedemento. No caso de que se interpuxo recurso contra a adxudicación, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de resolver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión ou da medida cautelar.

1.3.4.4. Modificados:

- a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da LCSP e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.
- b) Que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede. Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, e non resulte procedente por razón da contía, que ó expediente se incorpora pronunciamiento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- c) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaria Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- d) Que existe acta de planeamento previo.

1.3.4.5. Revisións de prezos (aprobación do gasto)

- a) Que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 103.5 da LCSP e que o prego de cláusulas administrativas particulares establece a fórmula de revisión aplicable. No caso de que para o contrato que se trate aprobouse unha fórmula tipo, verificarase que non se inclúe outra fórmula de revisión diferente nos pregos.
- b) Informe xurídico do Secretario.

1.3.4.6. Certificacións de obra e recoñecemento da obriga polo IVE devengado:

- a) Que existe certificación, autorizada polo facultativo Director da obra e coa conformidade dos Servizos correspondentes do órgano xestor.
- b) No caso de efectuarse anticipos dos previstos no artigo 240.2 da LCSP, comprobar que tal posibilidade está contemplada no prego de cláusulas administrativas particulares e que se prestou a garantía esixida.
- c) Cando a certificación de obra inclúa revisión de prezos para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.5 da LCSP e que se aplica a fórmula de revisións prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- d) Cando o importe acumulado dos abonos a conta vaia a ser igual ou superior con motivo do seguinte pago ao 90 por cento do prezo do contrato, incluídas, no seu caso, as modificacións aprobadas, que se acompaña, cando resulte preceptiva, comunicación efectuada á Intervención Xeral para a designación dun representante que asista á recepción, no exercicio das funcións de comprobación material do investimento, conforme ao sinalado no segundo parágrafo do artigo 198.2 da LCSP.
- e) No caso de efectuarse pagos directos a subcontratistas, comprobar que tal posibilidade está contemplada no prego de cláusulas administrativas particulares, conforme á disposición adicional 51.^a da LCSP.

- f) Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica.

1.3.4.7. Certificación final:

- a) Que exista informe do servizo técnico correspondente, si procede.
- b) Que existe certificación final, autorizada polo facultativo Director da obra.
- c) Que existe informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede.
- d) Que se achega acta de conformidade da recepción da obra ou, no seu caso, acta de comprobación á que se refire o artigo 168 do RXLCAP ou acta de comprobación e medición á que se refire o artigo 246.1 da LCSP.
- e) Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.5 da LCSP e que se aplica a fórmula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- f) Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica.

1.3.4.8. Liquidación:

- a) Que exista informe favorable do facultativo Director de obra.
- b) Que exista informe do servizo técnico correspondente, se procede.
- c) Que existe informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede.
- d) Que se achega factura da empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica.

1.3.4.9. Pagamento de xuros de mora e da indemnización polos custos de cobro:

- a) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.

1.3.4.10. Indemnización a favor do contratista:

- a) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.
- b) Que existe informe técnico e valoración pericial, se procede.
- c) Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

1.3.4.11. Resolución do contrato de obra:

- a) Que, no seu caso, existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.
- b) Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

1.3.4.12. Pago de primas ou compensacións aos participantes no diálogo competitivo ou aos candidatos ou licitadores no caso de renuncia á celebración do contrato ou desistencia do procedemento:

- a) Que, no seu caso, esta circunstancia está prevista no prego, anuncio ou documento descritivo.

1.3.5. CONTRATACIÓN CONXUNTA DE PROXECTO E OBRA:

A fiscalización destes expedientes realizarase segundo o previsto para os de obras en xeral, coas seguintes especialidades:

1.3.5.1. Caso Xeral: Aprobación e compromiso do gasto: De acordo co 234 da LCSP a fiscalización propónse ó momento inmediato anterior á adxudicación, debendo comprobarse como extremos adicionais os seguintes: Adxudicación:

- a) Que existe orde de iniciación do procedemento motivando a necesidade do contrato.
- b) Informe de necesidade do Servizo que promove a contratación.
- c) Que se achega xustificación sobre a súa utilización de conformidade co artigo 234.1 da LCSP.
- d) Que existe anteproxecto ou, no seu caso, bases técnicas ás que o proxecto deba axustarse.
- e) Que existe prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, documento descritivo, informado pola Secretaría Xeral.
- f) Cando se utilice prego-tipo de cláusulas administrativas, verificar que o contrato a realizar é de natureza análoga ó informado pola Secretaría Xeral.
- g) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato; que cando se utilice un único criterio, este estea relacionado cos custos, de acordo co artigo 146.1 da LCSP; se o único criterio a considerar é o prezo, verificarase que este sexa o do prezo máis baixo; e nos casos en que figuren unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establezan segundo criterios económicos e cualitativos.
Nos casos en que o procedemento de adxudicación proposto sexa o diálogo competitivo verificarase así mesmo que na selección da mellor oferta tómase en consideración máis de un criterio de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.
- h) Cando estea prevista a utilización de varios criterios de adxudicación ou dun único criterio distinto do prezo, que o prego de cláusulas administrativas particulares ou

o documento descriptivo establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas.

- i) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo prevea, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor ha de presentarse en sobre ou arquivo electrónico independente do resto da proposición.
- j) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descriptivo establece polo menos unha das condicións especiais de execución que se enumeran no artigo 202.2 da LCSP e a obrigaación do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio colectivo sectorial de aplicación.
- k) Cando se propoña como procedemento de adxudicación un procedemento con negociación, comprobar que concorre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da LCSP para utilizar o devandito procedemento.
- l) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da LCSP e, no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento descriptivo se fixa a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito.
- m) Cando estea previsto no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da LCSP, verificar que a porcentaxe prevista non é superior ao 20 por 100 do prezo inicial; e que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- n) Cando estea previsto no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se baseen en modificacións referidas ao prezo e, no seu caso, a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.
- o) que existe constancia da solicitude da información aos licitadores que as Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa, que existe decisión motivada do órgano de contratación respecto diso.
- p) Cando se declare a existencia de ofertas incursas en presunción de anormalidade, presentasen e do informe do servizo técnico correspondente.
- q) Cando se utilice un procedemento con negociación, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas, das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento e das vantaxes obtidas na negociación, de conformidade co disposto na LCSP.
- r) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da LCSP de Contratos do Sector Público, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.
- s) Que, no seu caso, se acredita a constitución da garantía definitiva.
- t) Que se acredita que o licitador que se propón como adxudicatario presentou a documentación xustificativa das circunstancias a que se refiren as letras a) a c) do

artigo 140.1 da LCSP que procedan, incluíndo no seu caso a daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra; ou ben, que se acredita a verificación dalgunha ou todas esas circunstancias mediante certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou da correspondente base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea.

- u) Acreditación de que o licitador que se propón como adxudicatario está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- v) Conformidade, cando proceda, da clasificación concedida ó contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

1.3.5.2. Caso Xeral. Aprobación e compromiso do gasto: Formalización:

- a) No seu caso, que se acompaña certificado do órgano de contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos, ou ben, certificado de non acordarse medida cautelar que suspenda o procedemento. No caso de que se interpuxo recurso contra a adxudicación, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de resolver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión ou da medida cautelar.

1.3.5.3. Caso Xeral: Certificacións de obra:

Cando se fiscalice a primeira certificación, xunto cos extremos previstos para os de obras en xeral, deberá comprobarse:

- a) Que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e aprobado polo órgano de contratación.
- b) Que existe acta de planeamento previo.

1.3.5.4. Cando, no caso do artigo 234.5 da LCSP, non sexa posible establecer o importe estimativo da realización das obras: Aprobación e compromiso do gasto:

- a) Que no momento inmediatamente anterior á adxudicación do contrato son obxecto de comprobación os extremos previstos en relación coa aprobación e compromiso do gasto para o caso xeral de contratación conxunta de proxecto e obra, fóra da existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en relación co gasto derivado da execución das obras.

1.3.5.5. Cando, no caso do artigo 234.5 da LCSP, non sexa posible establecer o importe estimativo da realización das obras: Previamente á aprobación do expediente de gasto correspondente á execución das obras, que de acordo co artigo 234.5 da LCSP é posterior á adxudicación do contrato:

- a) Que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e aprobado polo órgano de contratación.
- b) Que existe acta de replanteo previo.

1.3.5.6. Supostos específicos de liquidación do proxecto: Naqueles supostos nos que, conforme ao previsto no artigo 234.3 da LCSP, o órgano de contratación e o contratista non chegasen a un acordo sobre os prezos, ou conforme ao artigo 234.5 da LCSP, a Administración renunciase á execución da obra, que na liquidación dos traballos de redacción dos correspondentes proxectos se comprobaban os mesmos extremos que na liquidación dos contratos de servizos:

- a) Que se acompaña acta de conformidade da recepción cos traballos.
- b) Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica.
- c) Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.5 da LCSP e que se aplica a fórmula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- d) No caso de que se faga uso da posibilidade prevista no artigo 309.1 da LCSP, que dita opción está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

1.3.6. SUBMINISTRACIÓNS EN XERAL:

1.3.6.1. Expediente inicial. Aprobación do gasto:

- a) Orde de iniciación do procedemento motivando a necesidade do contrato.
- b) Informe de necesidade do Servizo que promove a contratación.
- c) Que existe prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, documento descritivo, informado pola Secretaría Xeral.
- d) Que existe prego de prescricións técnicas da subministración ou, no seu caso, documento descritivo.
- e) Cando se utilice modelo de prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato para celebrar é de natureza análoga ao informado pola Secretaría Xeral.
- f) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato; que cando se utilice un único criterio, este estea relacionado cos custos, de acordo co artigo 146.1 da Lei de Contratos do Sector Público; se o único criterio a considerar é o prezo, verificarase que este sexa o do prezo máis baixo; e nos casos en que figuren unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establezan con arranxo a criterios económicos e cualitativos.

Nos casos en que o procedemento de adxudicación proposto sexa o do diálogo competitivo verificarase así mesmo que na selección da mellor oferta tómake en consideración máis dun criterio de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

- g) Cando se prevexa a utilización de varios criterios de adxudicación ou dun único criterio distinto do prezo, que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas.
- h) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo prevé, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor ha de presentarse en sobre ou arquivo electrónico independente do resto da proposición.
- i) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece polo menos unha das condicións especiais de execución que se enumeran no artigo 202.2 da Lei de Contratos do Sector Público e a obrigaón do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio colectivo sectorial de aplicación.
- j) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, comprobar que se cumpren as condicións previstas no artigo 159.1 da Lei de Contratos do Sector Público. No caso de que este procedemento se tramite segundo o previsto no artigo 159.6 da devandita Lei, verificarase que non se supera o valor estimado fixado no devandito apartado e que entre os criterios de adxudicación non hai ningún avaliable mediante xuízos de valor.
- k) Cando se propoña como procedemento de adxudicación un procedemento con negociación, comprobar que concorre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da Lei de Contratos do Sector Público para utilizar o devandito procedemento.
- l) Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo axústase ao previsto na Lei de Contratos do Sector Público.
- m) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da Lei de Contratos do Sector Público; e no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento descritivo fíxase a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito.
- n) Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, verificar que a porcentaxe prevista non é superior ao 20 por 100 do prezo inicial; e que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- o) Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se baseen en modificacións referidas ao prezo e, no seu caso, a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

1.3.6.2. Expediente inicial. Compromiso do gasto. Adxudicación:

- a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa, que existe decisión motivada do órgano de contratación respecto diso.
- b) Cando se declare a existencia de ofertas incursas en presunción de anormalidade, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores que as presentasen e do informe do servizo técnico correspondente.
- c) Cando se utilice un procedemento con negociación, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas, das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento e das vantaxes obtidas na negociación, de conformidade co disposto na Lei de Contratos do Sector Público.
- d) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da Lei de Contratos do Sector Público, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.
- e) Acreditación da constitución da garantía definitiva, no seu caso.
- f) Que se acredita que o licitador que se propón como adxudicatario presentou a documentación xustificativa das circunstancias a que se refiren as letras a) a c) do artigo 140.1 da Lei de Contratos do Sector Público que procedan, incluíndo no seu caso a daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra; ou ben, que se acredita a verificación dalgunha ou todas esas circunstancias mediante certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou da correspondente base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, coas dúas seguintes excepcións, no procedemento aberto simplificado tramitado conforme ao artigo 159.4 da devandita Lei, no que só se examinará que se achegou o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da Lei e no procedemento abreviado tramitado conforme ao artigo 159.6 da Lei cando se constituíu a Mesa, no que non procederá a aplicación deste extremo.
- g) Acreditación de que o licitador que se propón como adxudicatario está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.3.6.3. Expediente inicial. Compromiso do gasto. Formalización:

- a) No seu caso, que se acompaña certificado do órgano de contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos, ou ben, certificado de non acordarse medida cautelar que suspenda o procedemento. No caso de que se interpuxo recurso contra a adxudicación, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de resolver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión ou das medidas cautelares.

1.3.6.4. Revisión de prezos (aprobación do gasto):

- a) Que, nos contratos nos que poida preverse a revisión de prezos, se cumpren os requisitos recollidos no artigo 103.5 da Lei de Contratos do Sector Público e que o prego de cláusulas administrativas particulares establece a fórmula de revisión aplicable. No caso de que para o contrato que se trate aprobouse unha fórmula tipo, verificarase que non se inclúe outra fórmula de revisión diferente nos pregos.
- b) Informe xurídico do Secretario.

1.3.6.5. Modificación do contrato:

- a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.
- b) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.

1.3.6.6. Aboamentos “a conta”:

- a) Que existe a conformidade dos servizos competentes coa subministración realizada ou fabricada.
- b) En caso de efectuarse anticipos, dos previstos no artigo 198.3 da Lei de Contratos do Sector Público, comprobar que tal posibilidade estaba prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e que se prestou a garantía esixida.
- c) Cando no abono a conta se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.5 da Lei de Contratos do Sector Público e que se aplica a fórmula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- d) Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica.
- e) Cando o importe acumulado dos abonos a conta vaia a ser igual ou superior con motivo do seguinte pago ao 90 por cento do prezo do contrato, incluídas, no seu caso, as modificacións aprobadas, que se acompaña, cando resulte preceptiva, comunicación efectuada á Intervención Xeral para a designación dun representante que asista á recepción, no exercicio das funcións de comprobación material do investimento, conforme ao sinalado no segundo parágrafo do artigo 198.2 da Lei de Contratos do Sector Público.

- f) En caso de efectuarse pagos directos a *subcontratistas, comprobar que tal posibilidade está contemplada no prego de cláusulas administrativas particulares, conforme á disposición adicional 51.^a da Lei de Contratos do Sector Público.

1.3.6.7. Entregas parciais e liquidación:

- a) Que se acompaña acta de conformidade da recepción da subministración, ou no caso de arrendamento de bens mobles, certificado de conformidade coa prestación.
- b) Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica.
- c) Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu abono, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.5 da Lei de Contratos do Sector Público e que se aplica a fórmula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- d) No caso de que se faga uso da posibilidade prevista no artigo 301.2 da Lei de Contratos do Sector Público, que dita opción está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

1.3.6.8. Prórroga dos contratos:

- a) Que está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) Que non se superen os límites de duración previstos no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo.
- c) Que se acompaña informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.
- d) No caso de que resulte de aplicación o establecido no último parágrafo do artigo 29.4 da Lei de Contratos do Sector Público, que consta xustificación no expediente e que se publicou o correspondente anuncio de licitación do novo contrato no prazo sinalado no devandito precepto.

1.3.6.9. Pagamento de xuros de mora e da indemnización polos custos de cobro:

- a) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría xeral.

1.3.6.10. Indemnizacións a favor do contratista:

- a) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.
- b) Que existe informe técnico.
- c) Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

1.3.6.11. Resolución do contrato de subministración:

- a) Que, no seu caso, existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.
- b) Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

1.3.6.12. Pago de primas ou compensacións aos participantes no diálogo ou aos candidatos ou licitadores no caso de renuncia á celebración do contrato ou desistencia do procedemento:

- a) Que, no seu caso, esta circunstancia está prevista no prego, anuncio ou documento descritivo.

1.3.7. CONTRATOS DE SERVICIOS

1.3.7.1. Expediente inicial. Aprobación do gasto:

- a) Que existe orde de iniciación do procedemento motivando a necesidade do contrato.
- b) Informe de necesidade do Servizo que promove a contratación.
- c) Que existe prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, documento descritivo, informado pola Secretaría Xeral.
- d) Que existe prego de prescricións técnicas do servizo ou, no seu caso, documento descritivo.
- e) Cando se utilice modelo de prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato para celebrar é de natureza análoga ao informado pola Secretaría xeral.
- f) Que se xustifica no expediente a carencia de medios suficientes para a prestación do servizo pola propia Administración polos seus propios medios.
- g) Que o obxecto do contrato está perfectamente definido, de maneira que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigacións por parte do contratista.
- h) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato; que cando se utilice un único criterio, este estea relacionado cos custos, de acordo co artigo 146.1 da Lei de Contratos do Sector Público; se o único criterio a considerar é o prezo, verificarase que este sexa o do prezo máis baixo; e nos casos en que figuren unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establezan con arranxo a criterios económicos e cualitativos.
Nos casos en que o procedemento de adxudicación proposto sexa o do diálogo competitivo verificarase así mesmo que na selección da mellor oferta se toma en consideración máis dun criterio de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.
- i) Cando se prevea a utilización de varios criterios de adxudicación ou dun único criterio distinto do prezo, que o prego de cláusulas administrativas particulares ou

o documento descritivo establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas.

- j) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo prevé, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor ha de presentarse en sobre ou arquivo electrónico independente do resto da proposición.
- k) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece polo menos una das condicións especiais de execución que se enumeran no artigo 202.2 da Lei de Contratos do Sector Público e a obrigaición do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio colectivo sectorial de aplicación.
- l) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, comprobar que se cumpren as condicións previstas no artigo 159.1 da Lei de Contratos do Sector Público. No caso de que este procedemento se tramite segundo o previsto no artigo 159.6 da devandita Lei, verificarase que non se supera o valor estimado fixado no devandito apartado e que entre os criterios de adxudicación non hai ningún avaliable mediante xuízos de valor.
- m) Cando se propoña como procedemento de adxudicación un procedemento con negociación, comprobar que concorre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da Lei de Contratos do Sector Público para utilizar o devandito procedemento.
- n) Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo se axusta ao previsto na Lei de Contratos do Sector Público.
- o) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da Lei de Contratos do Sector Público; e no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento descritivo se fixa a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito.
- p) Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, verificar que a porcentaxe prevista non é superior ao 20 por 100 do prezo inicial; e que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- q) Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma se baseen en modificacións referidas ao prezo e, no seu caso, a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.
- r) Comprobar a forma de pagamento proposta e o cumprimento das condicións requiridas para os pagamentos “a conta”, se é o caso.

1.3.7.2. Expediente inicial. Compromiso do gasto. Adxudicación:

- a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa, que existe decisión motivada do órgano de contratación respecto diso.
- b) Cando se declare a existencia de ofertas incursas en presunción de anormalidade, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores que as presentasen e do informe do servizo técnico correspondente.
- c) Cando se utilice un procedemento con negociación, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas, das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento e das vantaxes obtidas na negociación, de conformidade co disposto na LCSP.
- d) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da LCSP, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.
- e) Acreditación da constitución da garantía definitiva, no seu caso.
- f) Que se acredita que o licitador que se propón como adxudicatario presentou a documentación xustificativa das circunstancias a que se refiren as letras a) a c) do artigo 140.1 da LCSP que procedan, incluíndo no seu caso a daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra; ou ben, que se acredita a verificación dalgunha ou todas esas circunstancias mediante certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou da correspondente base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, coas dúas seguintes excepcións, no procedemento aberto simplificado tramitado conforme ao artigo 159.4 da devandita Lei, no que só se examinará que se achegou o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da Lei e no procedemento abreviado tramitado conforme ao artigo 159.6 da Lei cando se constituíu a Mesa, no que non procederá a aplicación deste extremo.
- g) Acreditación de que o licitador que se propón como adxudicatario está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.3.7.3. Expediente inicial. Compromiso do gasto. Formalización:

- a) No seu caso, que se acompaña certificado do órgano de contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos, ou ben, certificado de non acordarse medida cautelar que suspenda o procedemento. No caso de que se interpuxo recurso contra a adxudicación, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de resolver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión ou das medidas cautelares.

1.3.7.4. Modificación do contrato:

- a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos

prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

- b) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.

1.3.7.5. Revisión de prezos (aprobación do gasto):

- a) Que, nos contratos nos que poida preverse a revisión de prezos, se cumpren os requisitos recollidos no artigo 103.5 da Lei de Contratos do Sector Público e que o prego de cláusulas administrativas particulares establece a fórmula de revisión aplicable. No caso de que para o contrato que se trate aprobouse unha fórmula tipo, verificarase que non se inclúe outra fórmula de revisión diferente nos pregos.
- b) Informe xurídico do Secretario.

1.3.7.6. Aboamentos “a conta”:

- a) Que existe a conformidade do órgano correspondente valorando o traballo executado.
- b) En caso de efectuarse anticipos dos previstos no artigo 198.3 da Lei de Contratos do Sector Público, comprobar que tal posibilidade estaba prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e que se prestou a garantía esixida.
- c) Cando no abono a conta se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.5 da Lei de Contratos do Sector Público e que se aplica a fórmula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- d) Que se achega factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica.
